Sobre as obras de mellora hidrolóxica e drenaxe no regato Valdecorvos, en Pontevedra, para evitar as inundacións da rúa Padre Fernando Olmedo, o nivel de participación e financiamento da Xunta de Galicia e os prazos e orzamentos previstos

- 19998 (12/PRE-005820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as características do Consello para o Uso Sustentable da Auga e o prazo previsto para a súa creación

- 20007 (12/PRE-005821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a situación da atención primaria no concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia canto á mellora da dotación profesional, dos seus servizos médicos e dos medios materiais

- 20013 (12/PRE-005822)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a eventual declaración do conxunto termal da illa da Toxa como ben de interese cultural e a protección de todos os elementos que o conforman

- 20019 (12/PRE-005823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a situación do punto limpo de Ribadumia e a revisión das actuacións de mellora do bombeo e do colector de Cabanelas, no devandito concello, co obxecto de evitar que se sigan producindo verteduras no río Umia

- 20025 (12/PRE-005824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da vinculación existente entre o servizo de aparcadoiro dun hospital público e unha asistencia sanitaria de calidade

- 20029 (12/PRE-005825)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel



Sobre a situación sociosanitaria do concello das Pontes e as previsións da Xunta de Galicia verbo da habilitación total das prazas autorizadas no seu centro de día

- 20035 (12/PRE-005826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as necesidades da atención sanitaria primaria de Vigo en canto á dotación de prazas de nutricionistas e á súa cobertura

- 20041 (12/PRE-005827)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación laboral das mulleres en Galicia, a valoración que fai o Goberno galego da fenda salarial e da diferenza co conxunto de España, así como as medidas que prevé levar a cabo nesta materia

- 20048 (12/PRE-005828)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a as previsións que ten o Goberno galego ante os problemas de xestión económica e de funcionamento da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa

- 20050 (12/PRE-005829)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre as condicións asistenciais e laborais do Centro Residencial Vila do Conde, de Gondomar, e os resultados e as consecuencias derivadas das inspeccións da Xunta de Galicia

- 20055 (12/PRE-005830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o contrato de servizo consistente no mantemento e na actualización do Observatorio da Vivenda de Galicia de 2022-2024

- 20056 (12/PRE-005831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o novo contrato de servizo consistente no mantemento e na actualización do Observatorio da Vivenda de Galicia

- 20062 (12/PRE-005832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o balance, os requisitos e o atraso da convocatoria deste ano das subvencións destinadas á contratación por parte de entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social



- 20069 (12/PRE-005833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta contida no real decreto do Goberno central que prevé recomendar unha mingua das racións de peixe nos comedores escolares e as directrices que vai promover a Administración galega nesta materia

- 20076 (12/PRE-005834)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabaril, as estratexias previstas pola Xunta de Galicia e os eventuais estudos ou informes dos que dispón verbo deste problema

- 20082 (12/PRE-005835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a postura do Goberno galego ante a eventual adopción dun consenso para levar adiante unha modificación do Decreto 8/2025, do 20 de xaneiro, polo que se regula o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia

- 20089 (12/PRE-005836)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre a xestión que fai o Goberno galego do Bono Alugueiro e o nivel de execución do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda

- 20095 (12/PRE-005837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre a postura do Goberno galego ante a declaración de zonas residenciais tensionadas como ferramenta de control dos prezos dos alugueiros da vivenda

- 20100 (12/PRE-005838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as reclamacións de equiparación salarial do colectivo pertencente ao profesorado especialista de sectores singulares da Formación Profesional e a postura da Xunta de Galicia ao respecto

- 20103 (12/PRE-005839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante as inundacións persistentes que sofren dous veciños do concello de Arbo na súa vivenda como consecuencia das obras nunha estrada municipal



- 20109 (12/PRE-005840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a corta indiscriminada de árbores que tivo lugar no espazo natural protexido da lagoa de Antela, nos concellos de Sandiás e Xunqueira de Ambía, e as actuacións da Xunta de Galicia ao respecto

- 20119 (12/PRE-005841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de desenvolvemento da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

- 20125 (12/PRE-005842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co procedemento de declaración de zona residencial tensionada no mercado do alugueiro

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 25 de febreiro de 2025, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 25 de febreiro de 2025, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 18 de febreiro de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria (doc. núm. 14775, 12/PPLC-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024



Punto 2. Comparecencia

2.1 20313 (12/PPP-000035)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas de actuación en materia de I+D+i da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159, do 19.02.2025

Punto 3. Mocións

3.1 20043 (12/MOC-000047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17196, publicada no BOPG núm. 145f2, do 27 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

3.2 20149 (12/MOC-000048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 4468, publicada no BOPG núm. 31f1, do 29 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 11 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

3.3 20206 (12/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16145, publicada no BOPG núm. 139, do 15 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 541 (12/PPP-000034)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 6477 (12/PPP-000673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.3 8029 (12/PNP-000739)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

4.4 11479 (12/PNP-000948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

4.5 18231 (12/PNP-001449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

4.6 19569 (12/PNP-001553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

Punto 5. Interpelacións

5.1 17724 (12/INT-000725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e dous deputados/as máis

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

5.2 19271 e 20327 (12/INT-000766)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando



Sobre a transferencia da titularidade á Administración local das vías autonómicas que xa forman parte do tecido urbano de moitas cidades, nomeadamente no caso de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

5.3 19447 (12/INT-000774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a autorización á Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 20307 (12/POPX-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a xestión do Goberno galego na asignación de recursos para as administracións públicas en relación coa prestación dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

6.2 20308 (12/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os problemas das familias e da mocidade para poder pagar un alugueiro accesible

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 18029 (12/POP-002838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio, en Vilagarcía de Arousa, do proxecto para a construción dunha nova estación intermodal e para o mantemento e adecuación da estación de autobuses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.2 20306 (12/PUP-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre os compromisos que está disposta a asumir a Xunta de Galicia respecto do uso público de praias e zonas costeiras a partir da consumación do traslado de competencias en materia de xestión do litoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.3 19369 (12/POP-002998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis



Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.4 19209 (12/POP-002990)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e sete deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da actuación do Goberno central no relativo á actualización das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

7.5 18961 (12/POP-002928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o nivel de execución acadado no terceiro trimestre de 2024 do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.6 16704 (12/POP-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Ourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

7.7 18370 (12/POP-002876)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 deputados/as máis

Sobre as medidas desenvolvidas para incentivar a cobertura de prazas de persoal médico nos hospitais comarcais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

7.8 19286 (12/POP-002975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Victor Manuel e oito deputados/as máis

Sobre a evolución e a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.9 20303 (12/PUP-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19582
Data envío: 06/02/2025 18:36:17.225

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e **Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social ven de publicar o 31/12/2024 no Diario Oficial de Galicia a Lei 5/2024 do 27 de decembro de 2024, de servizos sociais onde tras modificacións e de angádegas facultaba a funcionarios sen titulación específica en graduado en Traballo Social a informar e tramitar as solicitudes de usuarios que optan aos dereitos a percibir prestacións da Lei de Dependencia.

Esta decisión, que desprofesionaliza e bota por terra unha das maiores garantías da lei para que os recursos sexan adxudicados de maneira eficaz e eficiente, faise dentro do plan que, segundo a Consellería de Política Social, aspira a diminuír as listas de espera axilizando a tramitación. De este xeito tamén se igualaban as solicitudes de prestación por dependencia ás de discapacidade; unindo nunha sola solicitude ambas opcións que na maioría dos casos son opostas e levan á confusión á hora de asignar os recursos solicitados.

Ambas decisións foron tomadas en contra das opinións do Colexio Oficial de Traballadores Sociais e doutros órganos coma o Colexio Oficial de Logopedas de Galicia que, a través de emendas á Lei de Acompañamento Orzamentario para 2025 fixeron chegar as súas propostas, sen que, en ningún caso foran tidas en conta.

Estas decisións privan aos beneficiarios dun diagnóstico profesionalizado e provocan unha confusión a quen achega a súa solicitude ás delegacións da

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

69997

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19582
Data envío: 06/02/2025 18:36:17.225

Xunta; sen que os funcionarios teñan recibido un mes despois ningunha directriz ou información ao respecto. Os usuarios son os responsables últimos de formalizar a súa petición, sendo isto un acto de desamparo por parte da administración toda vez que a maioría son persoas de idade avanzada con dificultades para resolver unha petición que vai a determinar a asignación dun recurso imprescindible para o seu devir e ao cal teñen un dereito a que seña recoñecido.

A isto engádesse que Galicia é unha das comunidades onde menos solicitudes recibe o goberno autonómico, xa que en ningún momento nestes 15 anos de goberno do Partido Popular leváronse a cabo campañas informativas entre a cidadanía informando de xeito eficaz e comprometido dos dereitos dos que disfrutamos a poboación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Cando ten pensado a Conselleira de Política Social recibir aos Colexios Profesionais de Traballo Social e ao Colexio Profesional de Logopedas de Galicia para escoitar a problemática que afectará de xeito directo a poboación que está a solicitar desde xaneiro de 2025 a Lei de Dependencia?

2.- É coñecedora a Conselleira de Política Social do dano no benestar persoal e económico que está a ocasionar ás galegas e aos galegos coa modificación da Lei respecto ao proceso de presentación de solicitudes dos recursos da Lei de Dependencia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19582
Data envío: 06/02/2025 18:36:17.225

Santiago de Compostela, a 6 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/02/2025 18:34:52

Elena Espinosa Mangana na data 06/02/2025 18:35:00

CSV: B0JRE0-SHC0rff0XK6sA5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
69999

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da escola infantil Merlín en Bertamiráns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Ames conta na actualidade con varios centros de educación infantil de titularidade pública. Non obstante, sendo un concello de alta natalidade, estas prazas vense insuficientes para atender aos arredor de 200 nacementos que teñen lugar cada ano. A escola infantil Merlín, é unha das que, unha vez a Xunta de Galiza financia as súas prazas, absorbe esa demanda crecente en Bertamiráns.

Mais en novembro de 2023 as traballadoras deste centro comezaron a sufrir atrasos constantes para percibiren o seu salario. Un incumprimento reiterado do dereito das traballadoras a recibir as súas retribucións en tempo e forma que se mantén durante todo o ano 2024. A pesar disto, o persoal continuou realizando o seu traballo de xeito exemplar durante todo este tempo, chegando a poñer incluso recursos propios para garantir o funcionamento da escola infantil.

Mais a calidade educativa sufriu un importante deterioro debido á desaparición da parella educativa coa que antes contaba a escola, ou incluso con momentos no que o persoal de limpeza non fose substituíndo provocando que a escola se atopase nun estado claramente insalubre. Toda esta situación de conflictividade acabou por supor unha inestabilidade no cadro de persoal ao haber cambios constantes no mesmo e provocando a IT de varias traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesar das protestas das traballadoras, das manifestacións ou incluso das sancións recibidas pola inspección laboral, esta escola volveu a estar financiada este curso 2024/2025 con recursos públicos, recibindo 190.000€ a pesar de que non se está a garantir nin a calidade educativa que reciben as crianzas deste centro nin os dereitos laborais das traballadoras. Conflito que continúa escalando ata o punto de chegar o empresario a despedir esta semana a unha das traballadoras do centro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as traballadoras da escola infantil Merlín de Bertamiráns?
- Cales son as medidas que ten emprendido a Xunta de Galiza para garantir os dereitos laborais das traballadoras deste centro?
- Considera que este centro está a prestar con calidade o servizo polo cal recibe financiamento público?
- Cal é o motivo polo cal esta escola infantil recibe financiamento público no curso 2024/2025 a pesar de ter estoupado o conflito meses antes da resolución destas axudas públicas?
- Realiza a Consellería de Política Social algunha inspección para garantir o correcto funcionamento dos servizos que financia? Cantas son as inspeccións que tiveron lugar neste centro? Cal foi o seu resultado?
- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para resolver o conflito existente e garantir os dereitos das traballadoras, mais tamén das crianzas e das súas familias?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2025 08:50:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A indefensión que sofren as traballadoras e traballadores da sanidade pública galega é cada vez maior e, nalgúns casos, mesmo trascende á opinión pública a través dos medios de comunicación.

Unha situación extrema foi a agresión física con arma branca que sufriu un traballador sanitario, que tivo que ser intervido cirurxicamente, e dous vixiantes de seguridade do servizo de urxencias do CHUAC esta mesma semana.

Esta agresión conmocionou a cidadanía ao ser consciente das condicións de vulnerabilidade e inseguridade en que traballa o persoal sanitario e non sanitario do CHUAC.

Unha conmoción que se acrecentou ao coñecer que as traballadoras xa tiñan deixado hai meses constancia por escrito ante a xerencia do CHUAC das deficiencias persistentes na atención sanitaria dos pacientes de saúde mental por falta de persoal suficiente para atendelos en condicións de seguridade, tanto para os propios pacientes como para as profesionais mais sen que estas advertencias surtisen efecto positivo por parte do goberno da Xunta.

O insuficiente número de persoal sanitario e non sanitario xunto ao descoñecemento de protocolos específicos de actuación e seguridade fronte a doentes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

potencialmente agresivos, malia ter sido solicitados polas delegadas e delegados de prevención de riscos, segue sen solución a día de hoxe

A raíz desta grave agresión a xerencia do CHUAC vén de remitir un “protocolo de actuación en unidades psiquiátricas” do ano 2012 do que o persoal non tiña coñecemento e que non dá resposta xa ao crecente aumento de patoloxías de saúde mental.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Desde cando é coñecedor o goberno das deficiencias persistentes na atención sanitaria dos pacientes de saúde mental no servizo de urxencias do CHUAC?
- Ten recibido a xerencia do CHUAC comunicacións por escrito deixando constancia da inseguridade tanto dos traballadores como dos propios pacientes?
- Que resposta deu a xerencia? Que medidas adoptou?
- Dispón o persoal do servizo de urxencias do CHUAC de protocolos actualizados para actuar ante situación agresivas vinculadas á saúde mental?
- Como deu resposta o goberno ao crecente aumento de agresións ao persoal sanitario?
- Como vai reforzar a Xunta a seguridade no servizo de urxencias do CHUAC?
- Vai actualizar os protocolos de seguridade en unidades psiquiátricas?
- Considera o goberno que é suficiente a unidade de agudos do hospital de Oza?
- Prevé a súa ampliación a curto prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que accións vai activar o goberno da Xunta para reforzar a seguridade de traballadoras e pacientes e evitar que se repitan graves situacións de indefensión como as vividas no servizo de urxencias do CHUAC?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2025 09:26:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua azul é unha enfermidade vírica, non contaxiosa, de Declaración Obligatoria (Real Decreto 779/2023) transmitida pola picadura dun mosquito vector do xénero Culicoides cuxos meses de actividade se centran nas etapas de temperaturas suaves, de xeito que a tempada libre da súa presenza, coma no caso de moitos insectos, é o inverno. A gravidade da enfermidade varía segundo as especies, en algúns casos coa perda de peso, problemas respiratorios, reprodutivos ou incluso a morte, afectándolles de maneira diferente.

No 2023, comezouse a levar a cabo un programa de vacinación por parte da Xunta de Galiza co cal se prevén a enfermidade clínica e se interrompe o ciclo do virus no medio ambiente, co que se tratan de minimizar as perdas económicas derivadas da afectación dos animais. A vacinación iniciouse o 7 de marzo de 2023 cun investimento de 2,4 millóns de euros e nela participou persoal propio da Xunta de Galiza, persoal contratado, veterinarios de ADSG e persoal veterinario privado. Dito programa vacinal, tanto no 2023 coma no 2024, tivo serias eivas que se repetiron ao longo das dúas campañas sen seren corrixidas, derivadas na maior parte dos casos, dunha falla evidente de persoal e por unha falla de organización por o motivo anterior.

A situación epidemiolóxica dende a chegada novamente da lingua azul ao estado español deixou, na tempada 22-23 80 focos, dos cales 4 se localizaron no noso país. No





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguinte intervalo anual 23-24 foron 125 focos no estado e 7 en Galiza, evidenciando a circulación da enfermidade entre a nosa cabana gandeira. Actualmente, o número de focos rexistrados a nivel estatal ascende a 2134, mentres no noso caso mantemos libre de diagnoses positivas tanto o gando bovino coma o ovino, aínda que o risco de circulación sexa evidente a xulgar pola evolución do resto das áreas.

A pesares desta situación, na actualidade, estase a someter a consulta pública ate o 14 de febreiro, o cambio de estratexia de loita contra a lingua azul, pasando dunha estratexia de erradicación con declaración e vacinación obrigatoria e unha vacinación voluntaria por parte dos propietarios sen restrición de movementos no estado, exceptuando os arquipélagos, como se informou dende a Consellería de Medio Rural recentemente.

Dende a subdirección Xeral de Gandería informouse estas pasadas semanas do resumo do cambio, que suporá, segundo o propio comunicado, a consideración de todo o territorio peninsular coma zona suspendida fronte a serotipos 1,3,4, e 8, pasando a ser voluntaria a vacinación dos citados serotipos no estado, coa eliminación dos requisitos específicos da lingua azul para o movemento de bovinos e ovinos, sen que se esixa a vacinación dos animais maiores de 3 meses nin a desinsectación dos vehículos.

A realidade é que por parte do goberno do estado e da Xunta de Galiza, recoñecen unha ampla distribución dos diferentes serotipos no territorio no 2024, de xeito que a enfermidade continúa presente entre a nosa cabana gandeira, máis tamén indican que a falla de stock de vacinas de determinados serotipos imposibilitan a inmunización do gando antes da fin do período sen vector, de xeito que se confirma a xestión deficiente neste caso, que en Galiza comprobamos dende o comezo dos programas de vacinación, que en ningún momento foron levados a cabo de xeito ordenado e con resultados proveitosos, cos problemas asociados que se lle crearon tanto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a gandeiros/as coma a tratantes ao carecer de información actualizada e estar fallos de persoal que levase a cabo o programa de inmunización.

Manter o estado sanitario da cabana gandeira é unha responsabilidade que non lles compete aos gandeiros/as en exclusiva, que non pode deixarse, tras todos os focos rexistrados no pasado ano, acollida á potestade das persoas titulares das explotacións de vacinar fronte á lingua azul e que debe manterse de xeito responsable para garantir a bioseguridade de todas e todos e non arriscar ao sector ovino e bovino a unha crise sanitaria novamente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Ten capacidade a Consellería de Medio Rural para levar a cabo a vacinación da cabana gandeira galega no caso de seguir facéndose de xeito obrigatorio?
- . Prevé a Xunta de Galiza un aumento do risco sanitario derivado da suspensión da obrigatoriedade da vacinación da lingua azul?
- . Considera a Xunta de Galiza que os titulares das explotacións deben responsabilizarse dunha decisión que responde a criterios sanitarios e que afecta á cabana gandeira do país?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/02/2025 11:40:53





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 13:30:46
Nº Rexistro: 19637
Data envío: 07/02/2025 13:30:46.628

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **escrita**.

No mes de maio do pasado ano, o Grupo Socialista presentou unha iniciativa preocupado polo aumento das agresións que sufrían os sanitarios.

Naquel momento recollíamos as preocupacións en xeral, pero facíamonos eco das da Área sanitaria de Vigo, onde o persoal sanitario vinculaba o aumento das agresións tras a pandemia á deficiente Atención Primaria e pedían medios de protección para evitar este tipo de situacións.

Non era a primeira vez que os sanitarios galegos tiñan que se manifestar por este motivo. E agora de novo teñen que saír a contarnos que lles está pasando. Porque se atopan con que estas agresións son cada vez máis frecuentes e afectan non só á Atención Primaria, senón aos servizos de urxencias e á atención hospitalaria.

Pero este incremento que detectan, na maioría dos casos, orixínase pola demora na atención ou por falta de camas.

Transmíten tamén, as persoas profesionais da sanidade, que non está nas súas mans o solucionar esta situación. E piden que se lles axude a que poidan realizar o seu traballo nun ambiente normal.

No último ano, o Sergas, rexistrou medio centenar de causas penais por ataques a profesionais. E segundo os datos da Organización Médica Colexial e do Consello Xeral de Enfermería, a cifra de agresións vai en aumento.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70010

@PSdeG





O persoal sanitario de Atención Primaria fala de saturación e colapso, de que traballan ao límite e a Xunta de Galicia debe facer un esforzo para que se lle free esta escalada de agresións. Tamén o reclama o persoal hospitalario en especial o de urxencias, ao mesmo tempo que reclaman máis protección.

É certo que a forma de cortar a devandita escalada de maneira radical é a desaparición das longas listas de espera, Listas de espera que levan á desesperación ás persoas enfermas e aos seus familiares, á frustración e á incerteza.

Con esta iniciativa queremos reiterar a petición de actuacións preventivas e de amparo para o persoal sanitario, ante a negativa do PP de sacar adiante a anterior iniciativa deste grupo, co seu voto en contra.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está a Xunta de Galicia disposta a revisar os protocolos de seguridade tanto en Atención Primaria como en atención hospitalaria, con especial atención neste caso ao servizo de urxencias, para que o persoal poida realizar o seu labor sen que se exerza violencia física nin verbal sobre deles?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a incrementar os efectivos de persoal principalmente nos servizos de urxencias, primaria e hospitalaria, para evitar demoras na atención e desta forma diminuír as agresións ao persoal sanitario?

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 13:30:46
Nº Rexistro: 19637
Data envío: 07/02/2025 13:30:46.628

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/02/2025 13:14:22

Silvia Longueira Castro na data 07/02/2025 13:14:34

CSV: B0JRE0-SZ6CzWtFR0x6A-5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70012

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 13:43:46
Nº Rexistro: 19642
Data envío: 07/02/2025 13:43:46.570

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Desde o Partido Socialista levamos moitos anos reivindicando a necesidade de incorporar o servizo de logopedia no sistema de saúde, en concreto na Atención Primaria.

É un dato obxectivo que nos últimos anos os problemas e trastornos relacionados coa linguaxe e a disfasia aumentaron significativamente, pero este aumento non se tivo en conta polo Servizo Galego de Saúde o que provoca que gran parte da poboación non conte con servizos de logopedia públicos cando realmente os necesita, ou estes non sexan axeitados.

A logopedia, aínda formando parte da carteira de servizos de atención especializada do SNS, é un servizo que en Galicia non se atopa desenvolvido.

E atopámonos con áreas sanitarias onde hai listas de espera para ser atendidos por logopedas que poden chegar a dous anos.

É unha demanda que cada día é máis preocupante porque se necesitan máis profesionais e a Xunta de Galicia non dá a resposta adecuada.

Porque como dicíamos as listas de espera, aínda dependendo das áreas sanitarias, son un gran inconveniente, pero coa escaseza de profesionais, hai que sumar outras dificultades como unha gran separación entre sesións e a temporalidade que afecta á continuidade e estabilidade das terapias.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70013

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 13:43:46
Nº Rexistro: 19642
Data envío: 07/02/2025 13:43:46.570

Desde o Partido Socialista pedimos que se atendan as demandas de moitos galegos e galegas que necesitan dun logopeda, que moitas veces afecta esta necesidades a nenos e nenas, máis nun asunto tan importante coma este, xa que estamos a falar de garantir un dereito tan básico como é unha atención sanitaria pública, digna e de calidade para que a necesita.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas vai implementar o Goberno galego para mellorar o servizo de logopedia na Atención Primaria?
2. Entende este goberno que a atención terapéutica do servizo de logopedia por áreas sanitarias está a ser a axeitada?

Parlamento de Galicia, 7 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/02/2025 13:25:10

Silvia Longueira Castro na data 07/02/2025 13:25:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á exclusión das cooperativas sen ánimo de lucro das subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para corrixilo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 6 de febreiro de 2025 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 e fondos finalistas dos orzamentos xerais do Estado, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento SI427A e SI436B).

Trátase dunha orde que ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria no ano 2025 das axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e do Programa do Plan Corresponsables, que se desenvolverá por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro mediante a posta en marcha de actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos de ata 16 anos de idade, mediante a posta en marcha de servizos de coidado profesional, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

creación de emprego de calidade no sector dos coidados, e a sensibilización da sociedade, particularmente dos homes, en materia de corresponsabilidade e coidados.

Recóllese que esta convocatoria “ realizárase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación ” porén nos seus termos estase a dar unha discriminación que non parece ter fundamento, pois para o procedemento de Programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade quedan excluídas do ámbito de aplicación deste procedemento as cooperativas sen ánimo de lucro. Isto acontece ao incluírse entre as entidades excluídas as cooperativas, sen excepción, ao mesmo nivel que as comunidades de bens, as sociedades civís, as entidades que se rexan polas disposicións relativas ao contrato de sociedade, as mutualidades, así como as unións temporais de empresas e as agrupacións de interese económico.

Cómpre recordar que a lei galega de cooperativas contempla na súa Disposición adicional cuarta as concrecións e especificidades das Cooperativas sen ánimo de lucro. Así, recóllese especificamente no seu punto cinco que “As cooperativas que sexan cualificadas como sen ánimo de lucro e cumpran co disposto neste artigo serán consideradas polas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia como entidades sen ánimo de lucro para todos os efectos. ” polo tanto non parece coherente que nunha convocatoria desta índole non se contemple a posibilidade de que unha cooperativa sen ánimo de lucro poida presentarse á concorrencia competitiva se así o considera.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai rectificar o goberno galego a exclusión das cooperativas sen ánimo de lucro das subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para Programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade?

Cales son as razóns que levaron ao goberno a esa exclusión?

Considera esta discriminación compatible coa lei galega de cooperativas?

Como vai corrixir esta discriminación para que teña efectos no ano 2025 e garantir o respecto aos principios de igualdade e non discriminación?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2025 09:46:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as previsións do Goberno Galego de finalización da VAP Tui-A Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2003 ao abeiro do Plan Galicia anunciábase a vía de altas prestacións (VAP) entre os concellos do Baixo Miño de Tui e A Guarda. O encargado deste anuncio era o de por aquela Conselleiro, Alberto Núñez Feijóo, que aseguraba que esta obra fundamental para a conexión entre os concellos da Comarca do Baixo Miño estaría finalizada no 2008.

No ano 2009 licitouse o treito dende a autovía A-55 até a PO-350 cun prazo máximo de execución de 3 anos.

Lamentablemente goberno do Partido Popular, con Feijóo xa de presidente, rescindía o contrato desta obra da que só se executaran traballos superficiais (con sucesivas modificacións do proxecto en 2012 e 2013). Quedando pois un ermo que durante unha década só acumulou vexetación.

Despois desta páralise de case unha década non é até o 2024 que con Rueda xa de presidente inaugúrase o nó de conexión entre a A-55 e ese ermo, cunha conexión ao polígono de Areas a través dun acceso que era un auténtico funil polo cal é imposible a circulación de vehículos pesados simultaneamente nos dous sentidos de circulación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así pois no pasado ano 2024 realízanse tamén obras de adecuación na PO-552 e a comezos deste 2025, a través dun acto digno dunha inauguración a nunciáase a licitación de este primeiro treito por segunda vez 10 anos despois da paralización do proxecto.

Así e todo, o proxecto presentado segue sen pechar unha infraestrutura vital para unha comarca pola que circulan miles de vehículos lixeiros e pesados diariamente, cunha presión de até 15.000 vehículos diarios. Quedarán pois, varios treitos da infraestrutura onde non se moverá nada e polo tanto haberá que seguir sumando tempo aos máis de 20 anos de retraso dun compromiso do Partido Popular cunha comarca con máis de 50.000 habitantes como é a comarca do Baixo Miño.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre o Goberno Galego que a VAP Tui-A Guarda é unha infraestrutura fundamental para a comarca do Baixo Miño?
- Por que o Goberno Galego do Partido Popular paralizou o treito que acaba de licitar durante unha década deixándoo como un ermo?
- Como valora o Goberno Galego o atraso de máis de dúas décadas na execución desta infraestrutura e a súa división en treitos?
- Como valora o Goberno Galego as problemáticas de carga de vehículos causadas pola execución desta infraestrutura en anacos?
- Pensa o Goberno Galego licitar a totalidade dos treitos que faltan da VAP Tui-A Guarda nesta lexislatura?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/02/2025 10:16:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as declaracións de apoloxía da Ditadura franquista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado de febreiro o pleno do concello de Cariño aprobou unha moción do BNG instando a retirada do nome de Manuel Fraga Iribarne dunha avenida da vila, en cumprimento do previsto na lei de memoria democrática de 2022. Na iniciativa tamén se manifestaba a opinión favorábel do pleno a respecto do cambio de nome do centro escolar Manuel Fraga, para o caso de que esta medida fose estudada polo Consello Escolar.

Logo da repercusión mediática que tivo este acordo, que contou coa abstención do grupo municipal do PP, os principais dirixentes do PP de Galiza chamaron á orde ao grupo municipal do PP de Cariño e á alcaldesa. A xeito de desagravio, pronunciaron palabras de louvanza da figura de Manuel Fraga Iribarne que constitúen unha clara apoloxía do seu pasado franquista como Ministro dunha Ditadura que aterrorizou e asasinou a miles de galegas e galegos, que condenou ao exilio a moitos máis, que aniquilou os avances democráticos conseguidos durante a II República, incluíndo os dereitos e o sufraxio das mulleres, e impediu o autogoberno conquistado nas urnas o 28 de xuño de 1936.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Conselleiro da Presidencia da Xunta, Diego Calvo, afirmou nun acto público que “Fraga merece ser recoñecido por **toda** a súa traxectoria”.

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou noutro acto que “Fraga merece todo o cariño, respecto e recoñecemento”.

Estamos diante dunha nova manifestación de negacionismo histórico, de revisionismo e de branqueo do franquismo por parte dos máximos dirixentes do PP. Cando celebran e manifestan o orgullo polo pasado franquista de Fraga, están lexitimando e celebrando a Ditadura franquista, a súa represión violenta e a súa persecución dos dereitos e liberdades cidadás.

Cómpre lembrar que na súa etapa como ministro de Información e Turismo Fraga dirixiu a censura e perseguíu a difusión da obra política de Castelao. Con Fraga de ministro de Información e Turismo, Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de cárcere pola publicación en 1965 de *El pensamiento político de Castelao* na editorial Ruedo Ibérico.

No ano 1964, a censura franquista amputou os textos de contido máis político nacionalista de Castelao que formaban parte da antoloxía *Escolma posible*, preparada por Marino Dónega e editada por Galaxia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta que Manuel Fraga “merece ser recoñecido por toda a súa traxectoria”?

Considera o goberno galego digno de respecto e recoñecemento o papel de Fraga como dirixente da Ditadura franquista?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Van rectificar o presidente da Xunta e o conselleiro de Presidencia as súas declaracións que constitúen un caso grave de negacionismo histórico e de apoloxía e branqueo da Ditadura franquista?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/02/2025 10:42:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do alumnado matriculado en FP Dual para poder acadar praza para realizar un novo Ciclo Formativo ou Curso de Especialización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, incrementa cada ano a oferta de formación profesional dual intensiva, un modelo amplamente criticado polo profesorado e polo propio alumnado, quen maiormente opta por esta alternativa despois de que lle sexan vendidas as súas bondades e non todas as implicacións negativas que ten.

O departamento autonómico non informa nin publica até o último trimestre do curso de todos os requisitos e prazos para solicitar admisión en calquera Ciclo Formativo (de oferta ordinaria, modular, a distancia ou dual intensiva) tanto de Grao Medio como Superior, así como dos Cursos de Especialización.

Para realizar a preinscrición nesta oferta é preciso ter acadado o título que da acceso ao/s CF e CE incluídos na mesma, Sendo o proceso de admisión, de xeito moi resumido, o seguinte (por poñer o exemplo deste mesmo curso 2024/25 para a oferta ordinaria ou modular, pero tamén podería aplicarse para a oferta dual intensiva):

- Presentación de solicitudes: 24 de xuño.
- Resolución provisional de solicitudes: 10 de xullo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 1ª adxudicación: 17 de xullo
- Matriculación 1ª adxudicación: entre o 17 e o 22 de xullo
- 2ª adxudicación: 24 de xullo
- Matriculación 2ª adxudicación: 24 ao 31 xullo
- 3ª adxudicación: 2 setembro
- Matriculación 3ª adxudicación: 2 ao 5 de setembro
- Adxudicación continuada (chamamento): 11 ao 27 de setembro.

Esta información atópase na páxina web da Xunta para a Formación Profesional. Como é ben sabido, cada ano cóbrense a totalidade das prazas que se ofertan en moitos ciclos formativos de alta demanda na primeira adxudicación e pouco ou nada se moven as listaxes de agarda nos mesmos derivando o alumnado interesado en cursar eses estudos cara o ensino privado.

Porén, e malia toda a propaganda e a aposta desmesurada que está a facer a Dirección Xeral de FP pola modalidade intensiva, o calendario destas ensinanzas fai totalmente inviable que este alumnado remate os seus estudos e, polo tanto, poida titular e cumprir os requisitos para acceder a outro ciclo formativo, sexa do mesmo nivel ou superior, así como aos cursos de especialización. O alumnado da FP dual intensiva non obtén a súa titulación antes do mes de setembro, un momento no que apenas pode optar ás prazas vacantes que foron liberadas dende o período de matrícula e que, na maior parte dos casos, non se corresponde cos ciclos ou cursos de especialización que ten interese en cursar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP para que o alumnado da FP Dual Intensiva que remata os seus estudos en setembro poida optar a prazas dos distintos Ciclos Formativos e Cursos de Especialización de FP garantindo os mesmos dereitos e igualdade de condicións ao resto de persoas que solicitan admisión en xuño/xullo?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 10/02/2025 12:35:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o traslado das instalacións da Xunta en terreos de dominio público marítimo terrestre no ENIL da Xunqueira do río Alba (Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o Grupo Parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial, que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m².

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalacións que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funciona como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao **polígono de Botos**, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3 millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais do predio de Medio Rural, a Xunta tamén ocupa un segundo terreo na Xunqueira de Alba, ocupado polas instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas destinadas ao Centro de Conservación e Vialidade Invernal da **Rede de Estradas**.

Ainda que na xuntanza que mantivo o alcalde co presidente da Xunta en outubro de 2023 Rueda amosou a disposición ao traslado das instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas, a realidade é que transcorrido un ano e medio non se coñece ningún avance neste proxecto.

Cómpre ter en conta que os dous terreos que ocupa de maneira irregular a Xunta suman 13.700 m², que unha vez liberados permitirían crear unha grande zona verde de máis de 40.000 m² entre a avenida de Domingo Fontán, a rúa Martin Códax e a canle da desembocadura do río Rons.

Ao mesmo tempo, está en proceso o traslado das instalacións do centro de exames da DGT (6.875m²), para o que o concello ofreceu unha parcela no polígono industrial do Campiño. Quedaría pendente a recuperación dos terreos que ocupa o parque móbil do Estado (7.900 m²) xunto con outros terreos actualmente en desuso que suman máis de 10.000 m².

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o goberno galego un bo exemplo a ocupación de terreos dominio público marítimo terrestre no ENIL da Xunqueira do río Alba(Pontevedra)?

Que previsións ten a Xunta para o traslado das instalacións da Consellaría do Medio Rural e a recuperación dos terreos que ocupa na Xunqueira do río Alba (Pontevedra)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que previsións ten a Xunta para o traslado das instalacións da Consellaría de Vivenda e Planificación das Infraestruturas e a recuperación dos terreos que ocupa na Xunqueira do río Alba (Pontevedra)?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/02/2025 13:07:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades que ten o CEIP Feliciano Barrera de Guláns en Pontearas con respecto a especialistas para alumnado NEAE, así como de melloras nas instalacións educativas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP P. Feliciano Barrera de Guláns, é un centro rural do concello de Pontearas. É a escola de referencia para as nenas e nenos de etapas Infantil e Primaria non só desta parroquia senón tamén de Cristiñade, Nogueira e Ganade, un barrio de Areas.

Conta, no curso actual, con 105 nenos/as matriculadas nas dúas etapas educativas, tendo un 38% de alumnado en situación de vulnerabilidade por distintas causas, pero entre elas, un 30% presenta necesidades educativas especiais, un 35% dificultades de aprendizaxe, un 22,5% combina dificultades de aprendizaxe cunha situación familiar ou social desfavorecida. Malia isto, hai aínda un 2,5% deste alumnado que está en proceso de identificación das necesidades, debido a que non teñen unha Orientadora a tempo completo no centro que poida dar a atención debida a este alumnado, así como realizar toda a valoración do mesmo e o seu expediente que permita darlle os apoios e reforzos que precisan.

Neste curso, o centro dispón dunha especialista en pedagogía terapéutica que comparte horas coa responsabilidade de secretaria na dirección actual, 1 especialista de audición e linguaxe compartida con outro centro do rural ponteareán e unha orientadora tamén compartida co Centro Rural Agrupado de Infantil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes recursos son claramente insuficientes para poder atender, nin sequera un mínimo, a tan alto número de nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Por outra banda, esta escola rural non dispón das instalacións precisas para poder realizar materias como psicomotricidade en Infantil ou educación física en Primaria, é dicir, non conta con ximnasio. Polo tanto o alumnado realiza estas materias nun patio cuberto, carente do almacén apropiado para gardar o material necesario, con entradas continuas de auga da choiva e usando un espazo reservado para o lecer de todo o alumnado do centro, sobre todo cando a climatoloxía non permite o uso do patio aberto, que tamén é de pequenas dimensións.

Esta cuestión, que xa foi plantexada polo Concello, o centro e a súa ANPA en numerosas ocasións ante a Dirección Territorial, incluso buscando unha solución de terreos para poder realizar a construción dese anexo que posibilitara engadir un ximnasio, unha sala de usos múltiples, vestiarios e un espazo para comedor escolar, nunca foi atendida pola administración autonómica, que en realidade en ningún momento cuestionou que non fora posible a súa realización por motivos de índole técnica.

Por outra banda, un centro de 60 anos, precisa obras de eficiencia enerxética, accesibilidade, actualización do interior ou cambio da calefacción para unha máis eficaz e sostible. Calquera destas accións son da competencia da Consellería de Educación

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai o goberno da Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP completar o horario semanal das persoas do departamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Orientación do CEIP Feliciano Barrera de Guláns, para dar a atención debida ao alumnado NEAE, e os apoios e reforzos necesarios para todo o alumnado?

- Vai a Consellería ampliar as instalacións do CEIP para poder contar co espazo que permita ter un ximnasio, unha sala de usos múltiples, vestiarios e un comedor escolar e así dotar ao centro de servizos demandados pola comunidade educativa?

- Vai a Consellería realizar as obras necesarias de eficiencia enerxética, actualización de interiores, accesibilidade e unha nova calefacción máis eficaz e sostible.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 10/02/2025 17:22:20

Ariadna Fernández González na data 10/02/2025 17:22:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación dos produtores da Faba de Lourenzá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Faba de Lourenzá, recoñecida pola súa calidade e incluída na Indicación Xeográfica Protexida (IXP), está a atravesar unha situación crítica neste 2025. Nos últimos anos, as produtoras e produtores veñen sufrindo perdas económicas severas, debido a múltiples factores que poñen en risco a viabilidade deste cultivo estratéxico para a Mariña lucense.

A Faba de Lourenzá leva varias tempadas nas que os produtores teñen que enfrontarse a altos custos de produción sen a garantía dun prezo xusto. O aumento dos insumos, a necesidade de máis tratamentos fitosanitarios e a falta de apoios directos están a provocar que a actividade non sexa rendible. A incerteza respecto á nova campaña fai que moitos produtores dubiden sobre continuar coa súa actividade.

As condicións meteorolóxicas extremas, agravadas polo cambio climático, afectan directamente ao rendemento das colleitas. Episodios de choivas intensas, secas prolongadas e temperaturas inusuais están a alterar o ciclo do cultivo e a incrementar a incidencia de pragas e enfermidades. A borrasca "Kirk" en outubro de 2024 deixou preto do 90% da colleita sen recoller, o que reflicte a vulnerabilidade desta produción ante fenómenos meteorolóxicos adversos.

A situación demanda novas estratexias de adaptación ao cambio climático. A investigación en novas técnicas de cultivo e métodos de loita integrada contra pragas é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamental para garantir a continuidade do sector. Tamén é preciso un asesoramento técnico específico para optimizar a aplicación de fitosanitarios e revisar os produtos dispoñibles no mercado para a protección deste cultivo.

Os produtores denuncian a escaseza de apoios directos por parte da Xunta de Galiza e a insuficiente cobertura da Política Agraria Común (PAC). A estrutura de axudas vixente non responde ás necesidades específicas do sector, deixando sen protección ás explotacións que dependen da faba como fonte principal de ingresos.

A Faba de Lourenzá non só representa unha fonte de ingresos para moitas familias da Mariña, senón que tamén é un elemento clave do patrimonio gastronómico galego. En consecuencia, para o BNG é imprescindible unha resposta desde o Goberno galego que garanta a súa viabilidade e asegure a continuidade dun sector esencial para a economía local.

Para facer fronte a esta crise e garantir a continuidade do sector, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para compensar as perdas económicas dos produtores de Faba de Lourenzá?
2. Existe algunha previsión para implementar axudas directas que garantan a viabilidade desta produción?
3. Considera o Goberno galego solicitar ao Goberno do Estado o incremento dos fondos da PAC destinados a este sector?
4. Que iniciativas está a desenvolver a Xunta para axudar ás produtoras e produtores a adaptarse ás novas condicións climáticas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Ten previsto a Xunta revisar os fitosanitarios permitidos para a Faba de Lourenzá, garantindo a súa efectividade e seguridade?

6. Existe algún plan para reforzar os recursos destinados ao Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) Pedro Murias de Ribadeo para a investigación específica sobre a Faba de Lourenzá?

7. Que tipo de asesoramento técnico se está ofrecendo ás produtoras e produtores para mellorar a xestión das pragas e reducir os custos de produción?

8. Prevese algún plan de promoción para garantir a comercialización da Faba de Lourenzá e mellorar a súa rendibilidade?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 11/02/2025 10:00:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o mantemento do emprego e da actividade industrial vinculada ás concesión hidroeléctricas no río Xallas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da actividade industrial na comarca da Costa da morte está empeorando a unha velocidade vertixinosa, o que provocou que nos últimos vinte anos, só as comarcas de Fisterra e Soneira perderan máis de 10.000 habitantes nos seus padróns, veciños e veciñas que emigraron para outras cidades e países na procura do emprego que non atopaban na súa terra.

A Xunta non aposta pola desenvolvemento económico da zona, non se rematan as infraestruturas de comunicación prometidas, nin se adoptan medidas para abaratar o solo industrial. Son todos os ingredientes para que as empresas non se asentem na zona e para que non aposten por proxectos industriais capaces de xerar máis de 50 empregos directos. E as poucas empresas que existen con gran volume de empregados, non fan máis que ir á menos, en produción e en postos de traballo.

Un claro exemplo é o complexo industrial de ferroalixes XEAL, con fábricas en Dumbria e Cee, xunto ás concesións hidroeléctricas no río Xallas para abastecerse enerxeticamente. Despois de anos de batallas da empresa Ferroatlántica, antiga propietaria da industria, para segregas as dúas actividades, a de ferroalixes e a de produción enerxética, foi no 2019, cando se autorizou pola Comisión Nacional dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercados e a Competencia (CNMC) e a Xunta de Galiza, a operación de venda do conglomerado industrial, pasando a depender e ser xestionadas pola empresa TPG-Ithaka, un fondo de investimento americano. Unha operación fantasma, pois o acordo de venda foi condicionado a que tanto as subministracións da materia prima como as vendas do produto final se transacionen exclusivamente coa empresa vendedora, a antiga Ferroatlántica, do grupo Ferroglobe, polo que a operación non deixou de ser un cambio cosmético da propiedade, pois o control total da produción seguía dirixíndose dende o Paseo da Castellana 259 D en Madrid.

Posteriormente, en outubro de 2023, a empresa Xeal foi vendida a unha empresa chamada ENERGO-PRO A.S., filial dunha sociedade checa DK HOLDING INVESTMENTS S.R.O., e actual propietaria. No marco desa operación, os saldos (débedas e créditos) que Xeal tiña coas sociedades do grupo Kehlen foron subrogados polo novo accionista. Isto provocou tamén a disolución do grupo de consolidación fiscal que había con Kehlen e, segundo a memoria, aprobouse un novo grupo de consolidación fiscal entre Xeal e unha sociedade denominada FEROE VENTURES & INVESTMENTS S.L.U. Unha sociedade con nome de illas que sempre foron consideradas coma un paraíso fiscal, o que non aporta moita tranquilidade de cara ao futuro da empresa e da comarca.

De todos era sabido, o interese que tivo o grupo Villar Mir por segregrar as actividades de ferroalixes da produción eléctrica da empresa, un obxectivo ao que non renunciou despois o fondo Norteamericano, xa que despois da adquisición do complexo enerxético e industrial, este negouse a retirar o recurso contra a resolución de Augas de Galiza que denegara tal autorización, e interposto no seu día pola anterior propietaria. É máis, XEAL presentara recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra a decisión do TSXG que avalaba o acordo de Augas de Galiza. Unha providencia do alto tribunal inadmitiu o recurso e por tanto as pretensións de segregación, ratificándose a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisión de Augas de Galiza, de considerar esencial a condición das concesións, a vinculación das actividades, e que sempre fora asumida pola empresa nas distintas transmisións de compra, co obxectivo de garantir a viabilidade da empresa e o mantemento do emprego nunha comarca deprimida, interese público que sostén o condicionamento das concesións hidroeléctricas.

A situación actual da empresa é de tensa calma e ben distinta a existente hai unha década. Se hai dez anos utilizaban o pretexto de que as hidroeléctricas non eran rendibles para solicitar a segregación, hoxe é ao revés, pois estas son as que proporcionan o beneficio ao grupo industrial. A produción de ferroalixes funciona ao 25% da súa capacidade, con consumos actuais de 23 MW/h cando precisaría consumir 100 MW/h a pleno rendemento, con un só forno funcionando nas instalacións de Dumbría e Cee, e cunha plantilla de traballadores activos de 210 traballadores directos, 83 menos desde que o grupo Ferroglobe vendeu no 2019 o complexo industrial, e máis da metade de cando o grupo Villar Mir se fixo coa empresa nos anos 90. A capacidade de produción de XEAL é de 55.000 toneladas anuais entre as dúas fábricas, máis a produción actual de 780 Tn/mes, está moi lonxe de chegar a aquelas cifras. Isto é consecuencia da permanente dependencia nas tomas de decisións do grupo Ferroglobe, que segue mantendo as fábricas de ferroalixes no Estado Español, en Francia, en Sudáfrica, en Venezuela, ou China, e primando a produción noutros lugares, por cuestións de rendabilidade económica.

O anuncio da empresa, sobre a nova planta de produción de carbón vexetal en Dumbría, no que investirá 21,6 millóns, dos cales 9M proceden de fondos europeos do PERTE de Descarbonización e e creará 15 empregos directos, para converter madeira en carbón vexetal co fin de substituír as 15.000 toneladas anuais de carbón mineral que veñen empregando nos procesos de fabricación, non é suficiente para vislumbrar un futuro viable para a actividade industrial, pois a retirada do guindastre no peirao de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brens e a diminución de descargas de materia prima nel, son razóns suficientes para pensar que a empresa pretende dismantelar a produción de ferroalixes e quedarse exclusivamente coas empresas xeradoras de enerxía. Non hai máis que ver, as operacións da empresa Feroe Ventures & Investments,SL., unha das que solicitou a concesión de augas superficiais para a execución dun almacenamento hidráulico de enerxía no río Xallas, no concello de Mazaricos co fin do seu aproveitamento hidroeléctrico cunha central reversible. Que sentido ten que a empresa XEAL precise xerar máis enerxía, se non é capaz de consumir toda a que produce para producir ferroalixes. A razón non é máis que o interese que ten hoxe en día por centrar a súa actividade económica na produción eléctrica, a máis rendible sen dúbida, o que provoca que a actividade económica vinculada de ferroaleacións, que é a que xera máis postos de traballo, acabe desaparecendo, pois a falla de produción provoca tamén a falla de competitividade no mercado, o que finalizará na inviabilidade empresarial.

Toda esta estratexia empresarial xera unha situación de incerteza na comarca, xa que ao dismantelamento constante e continuo da produción industrial e á perda de emprego, hai que sumarlle a posibilidade doutra nova venda do complexo a sociedades fantasmas, interpostas ou creadas en paraísos fiscais, aumentando a sensación de que a empresa XEAL converteuse nun complexo industrial especulativo, que en función da demanda do mercado financeiro, deixa o seu futuro en mans de quen só pretende arranxar a conta de resultados, e non velar polo interese xeral, que non é outro que salvagardar a viabilidade da actividade principal, producir ferroaleacións, e manter e aumentar os postos de traballo nunha comarca en decadencia demográfica e cada día máis deprimida economicamente.

Ante esta situación, atendendo ás cláusulas de vinculación de actividades, e que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas (tal e como confirmaron diferentes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sentenzas xudiciais), parece lóxico exixirle á Xunta, e concretamente a Augas de Galiza, que faga cumprir a sentenza nos seus estritos termos, e que obrigue á empresa a aumentar a produción de materiais ferroaliados, ata chegar ao número de empregos existentes na data de interposición da demanda, 293 traballadores, e en caso contrario rescindir e reverter algunhas das concesións hidroeléctricas, e volvelas a sacar a concurso para que sexan outras empresas as que opten a esa produción enerxética co obxectivo de crear outro tipo de empresas e novos postos de traballo na comarca.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o goberno galego que XEAL está a cumprir as cláusulas concesionais e a sentenza xudicial do TSXG , despois de perder máis de 83 traballadores fixos dende 2019?

- Ten algún informe a consellería de Industria sobre o cumprimento de XEAL das cláusulas concesionais? Está exercendo algún control periódico da execución da concesión en concreto o “mantemento da actividade industrial e o nivel de emprego”?

- Vai a Consellería a actualizar a concesión, establecendo o número mínimo de traballadores que ten que empregar a empresa XEAL, tal e como veñen reclamando dende a representación sindical das fábricas?

-Que opinión ten a consellería sobre as condicións das compravendas sucesivas, onde a anterior propietaria, FERROGLOBE, segue exercendo o control das compras e das vendas de XEAL? Considera que foi unha compra encuberta? Vai a tomar algunha medida a consellería?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O Consello da Xunta vén de declarar proxecto industrial estratéxico a nova planta de produción de carbón vexetal, cree o goberno galego que van a xerar 15 postos de traballo fixo? Cada posto de traballo tería unha axuda pública de 600 mil euros, que opinión lle merece á Consellería? Vai a conselleira a esixirlle á empresa que poña a funcionar as fábricas a pleno rendemento e a recuperar os postos de emprego perdidos, despois de outorgarlle esta subvención?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 11/02/2025 10:32:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopan as Equipas de Valoración e Orientación da dependencia e discapacidade en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente as Equipas de Valoración e Orientación da dependencia e discapacidade en Galiza atópanse sostidas, na súa maior parte, por persoal financiado con cargo ao Fondo Social Europeo (FSE). Uns fondos comunitarios que malia seren ampliábeis até 2027 –segundo anunciou a propia Xunta de Galiza-- non resolven a situación laboral, contractual, deste persoal.

Segundo transmitiron os Colexios Profesionais de Traballo Social e de Terapeutas Ocupacionais de Galiza, as traballadoras e traballadoras que foron incorporadas con cargo a este programa a modo de reforzo nos EVOs deben ou ser feitas fixas por acadaren xa o máximo de catro anos de contrato ou, substituídas por outras persoas.

É evidente, así o demostran os datos, que o persoal actual –contando o reforzo-- non é suficiente para atender en tempo e forma as solicitudes de dependencia e discapacidade. Porén, a Xunta de Galiza debe aclarar que fará co persoal actual, en que condicións desenvolverá o seu traballo a partir de agora ou se incorporará novas traballadoras e traballadores co que iso suporía de nova formación e adaptación ao posto de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG temos claro que o que precisan as Equipas de Valoración e Orientación da dependencia e discapacidade é de estabilidade e máis recursos humanos, non de plans de choque puntuais que non se sabe cando rematarán nin de que maneira.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que vai facer a Xunta de Galiza co persoal que actualmente está contratado con cargo aos fondos europeos dentro do Plan de reforzo dos EVO de discapacidade e dependencia?
- Vai facer fixas as traballadoras e traballadores que están prestando servizo? Vai contratar persoal novo?
- Vai incrementar, como reclaman o Colexio de Traballo Social e de Terapia Ocupacional, máis persoal ademais do reforzo actual para atender en tempo e forma as solicitudes de dependencia e discapacidade?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2025 10:53:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación e o impulso do Consello Galego do Benestar Social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei /2008 de servizos sociais de Galiza creou o Consello Galego do Benestar Social como órgano superior consultivo e de participación do Sistema galego de servizos sociais. Entre as entidades que o integran non se atopa un dos colexios profesionais con competencias no ámbito da valoración e o recoñecemento da dependencia e discapacidade como é o Colexio de Terapeutas Ocupacionais de Galiza pois a súa creación foi posterior á do propio Consello.

Porén, resulta incomprensíbel que a día de hoxe non se actualizase a relación de entidades membro para poder incorporar a voz destas profesionais.

Así as cousas, non sorprende este feito tendo en conta que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza non só paralizou a actividade do Consello Galego do Benestar Social senón que mesmo reformou a súa regulación para furtarlle competencias e deixar en mans da vontade discrecional da Consellaría consultalo ou non, negando a participación deste órgano nas reformas normativas e políticas impulsadas ao longo dos últimos anos.

Cómpre lembrar que entre as funcións do Consello Galego de Benestar Social (artigo 40 punto 3):





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) Avaliar a planificación e xestión dos servizos sociais.
- b) Emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellaría competente en materia de servizos sociais.
- c) Emitir ditames, por instancia do Parlamento de Galicia, no eido dos servizos sociais.
- d) Fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas.
- e) Realizar o seguimento e a avaliación dos resultados de execución dos programas en materia de servizos sociais.
- f) Propoñer directrices e liñas xerais de actuación.
- g) Propoñer a adopción de iniciativas lexislativas ou actuacións concretas.
- h) Elaborar e/ou modificar o seu regulamento de réxime interior.
- i) Calquera outra que lle poida ser atribuída regulamentariamente.

Máis ao contrario, reformas como a recentemente incorporada a través da Lei de medidas fiscais e administrativas en 2024 que supón unha enorme mudanza no proceso de tramitación da dependencia e discapacidade levouse a cabo por parte da Xunta de costas ao Consello e mesmo en contra do criterio das entidades representadas nel.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai actualizar a Xunta de Galiza a composición do Consello Galego do Benestar Social? Vai integrar o Colexio de Terapeutas Ocupacionais de Galiza?
- Vai impulsar este órgano consultivo superior e permitir a participación da sociedade galega nas políticas sociais?
- Vai continuar o Goberno do Partido Popular lexislando en contra do Consello Galego do Benestar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2025 11:26:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas e subvencións realizadas pola Xunta de Galiza ás Entidades Locais para a para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos, naturais e instalacións acuáticas descubertas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do BNG rexistrou distintas iniciativas solicitando que a Xunta de Galiza informe sobre as concretas entidades locais beneficiarias de achegas autonómicas para a contratación de socorristas durante os anos 2022, 23 e 24, indicando a cantidade transferida a cada unha delas en cada convocatoria.

A Xunta de Galiza non dou resposta ás preguntas formuladas, tanto por escrita como oralmente na Comisión Primeira do Parlamento de Galiza, razón pola cal este grupo parlamentar vese na obriga de formulala novamente, lembrando que a Xunta de Galiza ten a obriga legal de achegar a información solicitada.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para reposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que entidades locais foron as beneficiarias das axudas da Xunta para a contratación de socorristas durante os anos 2022, 23 e 24 e cal foi a cantidade concedida a cada unha delas?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Óscar Insua Lema
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/02/2025 12:17:20

Óscar Insua Lema na data 11/02/2025 12:17:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Rios Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a garantir o servizo de urxencias no novo PAC do concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, sendo, as consecuencias, tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se deben realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que nestes momentos nos que as diferentes restricións derivadas da pandemia fosen retiradas polo goberno central, a Casa do Mar de Moaña continúe sen urxencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Case cinco anos despois de terse tomado estas medidas, supostamente provisionais, vemos como a Xunta de Galiza e o SERGAS non fixo nada para buscar alternativas á deslocalización das urxencias ao Concello de Cangas, ao igual que se fai patente o obxectivo da Xunta de Galiza, o de manter como permanentes as medidas aplicadas como provisionais, o que supón o empeoramento continuado e non xustificado na calidade dos servizos sanitarios da veciñanza de Moaña.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o trasvase de doentes cara as redes privadas.

Após moitos anos de traballo e de atrancos postos pola administración autonómica, o novo centro de saúde de Moaña, actualmente en construción, debe contar con servizo de urxencias, tal e como se asinou no convenio de colaboración entre o Concello de Moaña e a Xunta de Galiza.

É pois que a Xunta debe cumprir os acordos asinados coa veciñanza de Moaña e garantir un bo servizo sanitario no novo centro de saúde, con persoal suficiente e cos servizos asinados, entre eles o de urxencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- 1- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña?
- 2- Por que, unha vez superados os momentos máis duros da pandemia da COVID-19, non se devolve a Moaña o servizo de urxencias?
- 3- A Xunta de Galiza é consciente dos problemas derivados da eliminación do servizo de urxencias en Moaña e o seu traslado ao Centro de Saúde de Cangas?
- 4- Vai ter a veicñanza de Moaña o servizo de urxencias integral no seu propio Concello unha vez se poña en funcionamento o novo centro de saúde?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2025 13:01:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 11/02/2025 13:01:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a tomar as medidas necesarias para rematar cos incumprimentos nas concesións no servizo de transporte público por estrada de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e no seu desenvolvemento práctico.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

A realidade é que este Plan de Transporte é o contrario do fomento do transporte público, a realidade é que este é un plan que dende o seu deseño, os seus procesos de adxudicación e valoración de ofertas e a súa aplicación práctica, busca o beneficio dun grupo empresarial concreto en detrimento de usuarios, traballadores e pequenas e medianas empresas do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As deficiencias son moitas, xa que estamos a falar dos incumprimentos reiterados e a total impiedade coa que se traballa por parte de quen ten un monopolio de facto sobre o sector.

Autobuses que chegan tarde, outros que non chegan, vehículos en mal estado, duplicidade de matrículas en diferentes concesións, vehículos que superan a idade indicada polos pregos, modificación unilateral de horarios, falta de información, de prazas e caos.

Isto acontece debido á falta de control e inspección por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Recentemente, a Dirección Xeral de Mobilidade ven de abdicar das súas responsabilidades en canto á xestión, control e inspección da execución dos contratos de transporte nunha empresa privada, levando ao servizo a unha situación de total descontrol.

Así pois, as inspeccións realizadas pola Garda Civil no transporte escolar titularidade da Xunta de Galiza deixa unha situación moi preocupante, constatando un número moi considerable de incumprimentos e irregularidades, as cales non as estaba a detectar a propia titular e responsable do servizo.

Isto é unha situación moi grave, da cal se debora dar as explicacións oportunas, así como tamén seguir o procedemento sancionador marcado nos diferentes pregos polos que se rexen os contratos.

Hoxe, as persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible ambientalmente. Hoxe, coa precarización do servizo e o incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?
2. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?
3. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

5. Cal é a valoración da Xunta de Galiza cando non se están a cumprir os horarios establecidos nas diferentes rutas do transporte público de Galiza?

6. Cantos expedientes sancionadores, a quen e con que resolución, se tramitaron no servizo público de transporte por estrada após a implantación do plan de transportes das Xunta?

7. Entende o prexuízo que existe nos continuados atrasos e incumprimentos das condicións nas que se debe desenvolver o sistema público de transporte por estrada?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 11/02/2025 13:42:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 11/02/2025 13:42:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a perda de nutricionistas no SERGAS na provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O filósofo e antropólogo Ludwig Feuerbach xa o tiña claro en 1950, cando incluíu no seu traballo 'Ensinanza da alimentación' a frase "somos o que comemos". A ciencia deulle a razón a Feuerbach e por iso temos que "aprender a comer".

Instaurar e manter uns hábitos de vida saudables é imprescindible para acadar e conservar un bo estado de saúde, físico, mental e emocional, ao marxe de manernos nun peso saudable. Realmente, o importante non son as cifras que marcan o noso peso, senón o noso estado nutricional. Podemos estar nun normopeso, pero nutricionalmente non estar sanas ao ter carencias de nutrientes na nosa inxesta diaria. A poboación é importante que tome mais conciencia, co que se fai fundamental coidar a nosa saúde antes de que apareza unha patoloxía.

Galiza é a segunda comunidade mais envellecida de España, superada só por Asturias, segundo os últimos datos publicados polo INE (Instituto Nacional de Estadística) referidos a 2023. A comunidade galega ten unha taxa do 218%, é dicir, contabilízanse 218 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16.

E, se falamos de Lugo as cifras son aínda peores, a provincia de Lugo é a terceira máis envellecida de España. E, se nos vamos a concellos como Navia de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Suarna, Pedrafita ou Cervantes superase a idade de 60 anos e noutros 34 concellos os mozos menores de 20 non representan nin o 10% do total da poboación.

E, nunha poboación envellecida, é fundamental o envellecemento saudable a través da alimentación. Para iso precísase ter un apoio de profesionais da saúde que orienten e asesoren a todas e cada unha das persoas, pero principalmente a nosa poboación de maior idade e as nosas crianzas. Entón, a figura do nutricionista na Seguridade Social faise unha gran ferramenta fundamental para que toda a poboación poda cambiar os seus hábitos alimenticios.

Dito isto, o 4 de febreiro na prensa aparecía unha noticia na que as nutricionistas dos centros de saúde recordan que, a partir de marzo, deixarán de ser quince na provincia de Lugo para exercer só seis, algo que consideramos de gravidade desde o grupo parlamentar do BNG.

O Sergas creou fai dous anos, a categoría de nutricionista en Atención Primaria que, ate agora, non existía nese nivel asistencial. Son postos creados con fondos europeos e todos os profesionais que os ocupan cesarán o próximo 28 de febreiro. A partir dese momento crearanse unha serie de vacantes, pero reducidas en toda Galiza a metade, pasando de 94 a 45, e no caso da provincia de Lugo a redución é maior, pasando de 15 a 6 prazas.

Con esta redución farase unha redución dos días de consulta en cada centro de saúde para dar cobertura a todos, xerando así largas listas de espera para poder ser atendidos e reducindo tempos de consulta, o que suporá un empeoramento da calidade asistencial.

Estas nutricionistas tamén se lamentan que non hai información oficial pese a que este mesmo mes se acaban os seus contratos e que todo o van sabendo polos sindicatos tralas reunións da mesa sectorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para paliar o problema que vai supoñer a perda de nutricionistas na Seguridade Social na provincia de Lugo?

Porque non se informou axeitadamente aos profesionais nutricionistas que están exercendo a súa labor de que van a quedar sen contratos a final do mes de febreiro?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/02/2025 15:11:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a campaña de vixianza e control realizada nos vehículos destinados a transporte escolar e de menores en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xaneiro a Garda Civil de Tráfico realizou unha campaña de vixianza e control durante unha semana, os cinco días lectivos. O día 6 de febreiro a Dirección Xeral de Tráfico (DGT) deu a coñecer os datos acadados na mesma, así como as denuncias formuladas a un total de 3.190 autobuses escolares que foron detidos nalgún punto da súa ruta e inspeccionados.

A campaña tiña a finalidade de comprobar que os autobuses escolares cumpren a normativa establecida para este tipo de transportes e puxo en evidencia datos alarmantes, xa que da súa totalidade o 45,1%, é dicir 1.441 vehículos, foron sancionados con 2.756 denuncias. Polo tanto moitos dos autobuses cometían máis de 2 infraccións.

A metade das denuncias expedidas, o 54% foron de **índole administrativa**, como non dispoñer da autorización especial para realizar transporte escolar (822) ou non ter subscrito un seguro de responsabilidade ilimitada, tal e como fixa a lei (666).

Con respecto á **seguridade dos vehículos**, tan só 11 deles dispoñían de cinturón de seguridade e non se facía uso deles por presentar anomalías no seu funcionamento, polo tanto, ningún autobús dos inspeccionados estaba a usar sistema de retención. Non cumprían a normativa como o RD 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguridade no transporte escolar e de menores ou o RD 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu artigo 117 establece a obrigatoriedade de uso por parte dos pasaxeiros de máis de tres anos de idade do cinto de seguridade ou outros sistemas de retención homologados nos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas.

150 vehículos presentaban deficiencias nas portas de servizo e de emerxencias, nos dispositivos de accionamento e 24 foron denunciados por non ter ao día a ITV.

136 dos autobuses carecían da sinalización obrigatoria por lei V-10 de transporte escolar e 18 carecían do dispositivo luminoso con sinal de emerxencia.

Neglixencias moi importantes son atopar 78 condutores que non levaban a bordo do autocar a persoa encargada do coidado dos menores cando era preciso ou 87 denunciados por exceso de tempo de condución ou minoración do descanso, sendo esto último un delito contra a seguridade vial.

Nesta campaña ademais, deron positivo en controis preventivos 3 condutores, outros 6 fixérono a outras drogas e 5 foron sancionados por incumprir os límites de velocidade establecidos.

Estes datos poñen en evidencia a cantidade enorme de sancións nun só control realizado pola Garda Civil, o número de incidencias tan elevado nun só servizo responsabilidade da Xunta de Galiza e o pouco ou nulo control por parte da Dirección Xeral que ten competencias no transporte escolar para comprobar que o funcionamento deste servizo básico para o alumnado sexa o correcto e axustado a todas e cada unha das cláusulas dos contratos coas empresas adxudicatarias. É dicir, a única inspección realizada pola administración en moito tempo.

O alumnado galego, que fai 2 ou 4 viaxes ao día neste transporte, ve comprometida a súa integridade física por culpa das empresas adxudicatarias do servizo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e da propia Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes por ser a última responsable da seguridade do alumnado.

Por outra parte, tampouco é algo novidoso para a Administración educativa, xa que hai anos que vense denunciando polas familias das persoas usuarias e polas ANPAs algúns destes incumprimentos sen que se teñan tomado as medidas precisas para a súa corrección, permitindo por interese da empresa/s concesionaria/s situacións que nunca deberan pasar, pois os contratos públicos de transporte obrigan a facer seguimento dos requisitos que deben cumprir os vehículos empregados no transporte, así como doutros específicos incluídos nas cláusulas dos mesmos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Quen realiza dentro da Consellería de Presidencia o control e seguimento dos contratos do Servizo de Transporte Escolar?, porque foi o da Garda Civil a única inspección realizada?

2.- Vai o goberno da Xunta tomar medidas para que a Dirección Xeral que ten competencias en Mobilidade e en concreto nos Contratos de Servizo do Transporte Escolar realice funcións de control e inspección periodicamente de xeito máis continuado no tempo para garantir que as infraccións duren o menos posible? Cales van ser?

3.- Que medidas sancionadoras vai tomar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes contra as empresas adxudicatarias do Servizo de Transporte Escolar en base aos procedementos sancionadores establecidos nos pregos de licitación e contratos de adxudicación? Vai tomar accións na vía penal, por aqueles delitos constatados pola Inspección da Garda Civil?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Vai a Consellería a reflexionar sobre a redacción dos procedementos sancionadores nestes contratos para que sexan disuasorios para as empresas adxudicatarias e evitar así as posibles infraccións?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 11/02/2025 15:41:11





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19866
Data envío: 11/02/2025 16:09:50.545

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modifica por décima terceira vez no capítulo II, dedicado á enerxía eólica, a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

As medidas legislativas que se aproban no 2025 para o desenvolvemento eólico no noso país, son improvisadas e son medidas que non foron consensuadas cos sectores afectados -cos concellos, coa veciñanza dos territorios, coas asociacións ecoloxistas, así como o sector eólico- que incrementan, aínda máis se cabe, a inseguridade xurídica no que está sumido o sector eólico en Galicia. A política enerxética galega non é recoñecible en Galicia.

Así, ademais doutras modificacións puntuais, actualízase a regulación do Plan Sectorial Eólico de Galicia, como instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de todas as infraestruturas e instalacións necesarias para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia. Plan sectorial que moi pronto verá a luz no 2029, tal e como recoñeceu a conselleira de Economía e Industria.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70065

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19866
Data envío: 11/02/2025 16:09:50.545

Mentres o novo Plan Sectorial Eólico non se aprobe e entre en vigor, como moi pronto dentro de catro anos, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos MW quedan pendentes de autorizar na planificación vixente en Galicia no 2025 (Plan Sectorial Eólico do 1997 e posteriores modificacións), tendo en conta na resposta tamén os MW dos parques eólicos suspendidos cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?
2. Cantas áreas territoriais de desenvolvemento eólico (ADES) están libres no Plan Sectorial Eólico vixente (Plan sectorial eólico do 1997 e posteriores modificacións) para solicitar autorizacións administrativas de parques eólicos, tendo en conta na resposta tamén as ADES dos parques eólicos suspendidos cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/02/2025 16:08:15

Lara Méndez López na data 11/02/2025 16:08:27

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70066

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á concreción do Plan integral de actuación e renovación dos CIMS anunciado pola Xunta en novembro de 2024 para a súa aplicación no ano 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta, segundo os datos da propia Xunta, con 84 Centros de Información á Muller que dan servizo a uns 200 concellos e que atenden a unha media de 17.600 persoas ao ano. Este é, sen dúbida, un recurso fundamental para o impulso de políticas de igualdade ao longo do territorio e é necesario afondar na súa mellora, singulamente no que atinxe á dotación de medios humanos e ao seu financiamento, así como a racionalizar as súas competencias e funcións, sobrecargadas polas reformas legais do Partido Popular.

Recentemente, o 11 de novembro de 2024, o goberno galego anunciaba após un Consello da Xunta o impulso para 2025 dun Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información á muller (CIM) de Galiza, que permitiría, en palabras da Xunta “actualizar e mellorar a rede actual”. De forma pouco clara, nesta e noutras informacións, a Xunta remitía a un investimento que superaría os 6.5 millóns de euros do que se pode sobre entender que se incluíría as axudas xa existentes con anterioridade a este investimento novo anunciado. A información pública da Xunta avanzaba que serían dous os eixos principais do Plan. O primeiro, a diagnose e o segundo as novas medidas e liñas de renovación e impulso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos non se coñece a fase temporal destas fases, nin a fixación de prioridades nin ámbitos a diagnosticar, nin o procedemento para facelo nin tampouco o orzamento específico ou tempo para a implementación de propostas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que arco temporal manexa a Xunta para a fase de diagnose do Plan?

E para a aplicación?

Que orzamento específico, desagregado dos demais recursos, vai manexar este Plan?

Cal é a orixe do financiamento dos fondos destinados a esta actuación?

Cales son os mecanismos impulsados pola Xunta para a “escoita activa de todas as traballadoras para dar resposta ás necesidades destes centros”?

Cal é a porcentaxe de persoal consultado? Que criterios se aplicaron? Que ámbitos se están a priorizar?

Vai incluír medidas económicas para mellorar as condicións laborais das traballadoras, engadir categorías profesionais e garantir persoal a xornada completa?

Vai traballar en cooperación co municipalismo galego e as súas demandas e abordar o sistema de financiamento?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/02/2025 16:10:44





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:46:58
Nº Rexistro: 19885
Data envío: 11/02/2025 16:46:58,497

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Defensor del Pueblo de España vén de emitir un informe demoledor sobre o Sanatorio Hestia La Robleda, situado no Pino, no que constata varias situacións de "mala praxe", contencións mecánicas inxustificadas e, mesmo, acusacións de abuso sexual contra unha persoa traballadora.

Actualmente, hai no sanatorio da Robleda 26 pacientes derivados da sanidade pública galega, polo que a responsabilidade do Goberno galego ante esta grave situación denunciada polo Defensor do Pobo é directa, e amosa unha negligencia por omisión no seu labor de inspección e seguimento.

Por mor deste informe, o Defensor del Pueblo, fai unha serie de recomendacións e suxestións tanto á Administración autonómica como á empresa titular do centro para emendar todas as deficiencias detectadas e revisar os protocolos. Os técnicos que visitaron o sanatorio describen como a estancia media global na Robleda é duns 187 días, por encima da media en psiquiatría en Galicia. Mesmo hai pacientes que permanecen anos de forma involuntaria e "a pesar da súa estabilidade clínica".

O acaecido no sanatorio psiquiátrico La Robleda, pon de manifesto a deficiencia de recursos persoais de persoal inspector na Xunta de Galicia, tanto nos centros públicos como nos centros que contan con prazas concertadas pola Consellería de Sanidade, polo Sergas e pola Consellería de Política Social.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70070

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:46:58
Nº Rexistro: 19885
Data envío: 11/02/2025 16:46:58.497

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai o Goberno galego a crear e dotar orzamentariamente máis prazas para o persoal de inspección da Consellería de Sanidade, Sergas e de Política Social para facer unha inspección e supervisión de calidade tanto dos centros públicos como dos concertados, que van en aumento nos últimos anos?

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/02/2025 16:44:44

Elena Espinosa Mangana na data 11/02/2025 16:44:56

Silvia Longueira Castro na data 11/02/2025 16:45:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70071

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 17:15:34
Nº Rexistro: 19891
Data envío: 11/02/2025 17:15:34.399

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Defensor del Pueblo de España vén de emitir un informe demoledor sobre o sanatorio Hestia La Robleda, situado no Pino, no que constata varias situacións de "mala praxe", contencións mecánicas inxustificadas e, mesmo, acusacións de abuso sexual contra unha persoa traballadora.

Actualmente, hai no sanatorio da Robleda 26 pacientes derivados da sanidade pública galega, polo que a responsabilidade do Goberno galego ante esta grave situación denunciada polo Defensor do Pobo é directa, e amosa unha negligencia por omisión na súa labor de inspección e seguimento.

Por mor deste informe, o Defensor del Pueblo, fai unha serie de recomendacións e suxestións tanto á Administración autonómica como á empresa titular do centro para emendar todas as deficiencias detectadas e revisar os protocolos. Os técnicos que visitaron o sanatorio describen como a estancia media global na Robleda é duns 187 días, por encima da media en psiquiatría en Galicia. Mesmo hai pacientes que permanecen anos de forma involuntaria e "a pesar da súa estabilidade clínica".

O informe do Defensor del Pueblo tamén denuncia a violación do dereito á intimidade e privacidade pola presenza de cámaras de videovixilancia en parte das habitacións e que "teñen previsto ampliar a área de cobertura" a todos os cuartos. Isto faise de maneira "especialmente irregular", porque non está rexistrado en ningún dos documentos do funcionamento do centro.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70072

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 17:15:34
Nº Rexistro: 19891
Data envío: 11/02/2025 17:15:34.399

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ante o demoledor informe do Defensor del Pueblo sobre o sanatorio La Robleda, vai o Goberno galego a realizar unha auditoría funcional do hospital psiquiátrico. Darase conta desa auditoría do centro ao Parlamento galego?
2. Vai o Goberno galego a inspeccionar, supervisar e dar resposta inmediata no prazo máximo dun mes a toda a problemática posto de manifesto polo Defensor del Pueblo sobre o sanatorio La Robleda. Remitirase un informe ao Parlamento galego da inspección e supervisión realizada?
3. O Goberno galego vai realizar un calendario para realizar un seguimento semestral das condicións asistenciais nas que se atopan os centros concertados polo Sergas e polo Consellería de Política Social?

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/02/2025 17:13:03

Elena Espinosa Mangana na data 11/02/2025 17:13:13

Silvia Longueira Castro na data 11/02/2025 17:13:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70073

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a elaboración dun plan da redución da obesidade e do sobrepeso a través do deporte en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, infelizmente, lidera as estatísticas estatais no relativo á porcentaxe de persoas adultas que teñen obesidade ou sobrepeso. Segundo un estudo difundido pola propia Xunta de Galiza, son 849.000 las persoas adultas galegas que teñen sobrepeso e 357.000 as consideradas con niveis de obesidade. Isto débese en boa medida ao aumento dos estilos de vida sedentarios xa que este mesmo estudo apunta que 6 de cada 10 galegas e galegos non fai nada de exercicio e 41% da poboación galega é sedentaria.

É evidente, por tanto, que os diferentes programas e iniciativas do Goberno galego non deron os froitos que se pretendía no relativo á promoción da práctica deportiva e do incentivo dun estilo de vida activo. Así, non comprendemos desde o grupo parlamentario do BNG as negativas do partido que sustenta o goberno galego, o Partido Popular, de regular a prestación dos servizos deportivos no país e de elaborar un novo plan, consensuado cos grupos parlamentares, para a redución do sobrepeso e da obesidade a través da práctica do deporte.

Cómpre deseñar un plan de acción integral que sexa froito do consenso e que teña como obxectivo principal promover á maior celeridade posíbel estilos de vida saudábeis entre a poboación galega. Debe ser prioridade de calquera goberno ter sempre en mente e na acción legislativa a saúde da cidadanía e, como é sabido, o deporte e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fomento da actividade física é unha excelente forma de manter entre a poboación un bo estado físico e de saúde, algo que redunda en beneficios para a sociedade en xeral.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do elevado número de galegas e galegos que sofre de obesidade e sobrepeso?
- Está en disposición a Xunta de estudar a elaboración dun novo plan consensuado cos grupos parlamentares para a redución dos niveis de obesidade e sobrepeso en Galiza a través do fomento da actividade física?
- Estaría o goberno galego disposto a legislar para conseguir a regulación da prestación de servizos deportivos?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 11/02/2025 17:48:13





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19903
Data envío: 11/02/2025 19:02:10.877

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Salceda de Caselas ten unha poboación de 9.430 habitantes, segundo o Instituto Nacional de Estatística do ano 2024.

E é o municipio galego que máis incrementou a súa poboación durante o século XX ata a primeira década do XXI. Cun aumento do 37,6 por cento en tan curto período de tempo.

Conta ademais cunha media de idade de 40,84 anos e onde a poboación menor de 18 anos, representa o 20,2 % do total. Características que teñen un impacto importante nas necesidades educativas e os servizos complementarios.

Existen dúas escolas de Educación Primaria o CEIP Altamira e o CRA Raíña Aragonta, que son claramente insuficientes para absorber esta demanda. E o CEIP Altamira, ofrece estudio de ensino primario a todo o alumnado procedente do CRA Raíña Aragonta e aos novos habitantes do termo municipal de Salceda de Caselas.

Todo parece indicar que o CEIP Altamira debería contar con servizos complementarios aos educativos para dar resposta ás necesidades do concello, non é así.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70076

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19903
Data envío: 11/02/2025 19:02:10.877

En concreto no ano 2010 púxose en marcha o comedor escolar no CEIP Altamira, pero este era insuficiente para asumir a demanda de nenos e nenas das dúas escolas, antes referidas.

No ano 2018, despois de varias iniciativas do Grupo Socialista e da presión social exercida, o goberno da Xunta de Galicia, colocou uns contedores de obra, como solución provisional para prestar este servizo.

Tras máis de seis anos os nenos e nenas usuarios do comedor deste centro, seguen a utilizar estes contedores de obra para o servizo de comedor. Por iso, como xa fixemos noutras ocasións volvemos a solicitar á Xunta de Galicia que neste ano 2025 se amplíe o comedor existente en beneficio de todos os nenos e nenas.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das condicións nas que se atopa o CEIP Altamira de Salceda de Caselas?
2. Considera aceptable que o alumnado reciba o servizo de comedor nunhas casetas de obra?
3. Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo para o ano 2025 algunha actuación neste centro co fin de construír unha zona de comedor que cumpra coas esixencias mínimas que require unha atención de calidade ao alumnado?

Parlamento de Galicia, 11 de febreiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 19903
Data envío: 11/02/2025 19:02:10.877

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 11/02/2025 19:01:17

Julio Abalde Alonso na data 11/02/2025 19:01:29

Silvia Longueira Castro na data 11/02/2025 19:01:42

CSV: B0JREBQ5Fm@z0j0TfP0x@5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70078

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a fortalecer e expandir o Banco de Sementes Tradicionais Galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sementes tradicionais son moito máis ca unha ferramenta de produción: representan un compoñente esencial do patrimonio biocultural galego. Ao longo dos séculos, as labregas e os labregos da nosa terra seleccionaron, melloraron e conservaron variedades adaptadas ás condicións específicas do clima, do solo e das prácticas agrarias locais. Este traballo, transmitido de xeración en xeración, conforma unha base de biodiversidade que está profundamente ligada á nosa cultura, á nosa economía rural e á soberanía alimentaria.

Na actualidade, este legado está en risco debido a múltiples factores. A industrialización do sector agrario levou á progresiva substitución das variedades tradicionais por sementes comerciais, promovidas por grandes multinacionais. Estas sementes, moitas veces xeneticamente uniformes, poden ofrecer maiores rendementos iniciais en condicións óptimas, pero son altamente dependentes de insumos externos, como fertilizantes e pesticidas químicos, incrementando os custos de produción e a dependencia das explotacións agrarias galegas de empresas estranxeiras. Ademais, estas sementes non están adaptadas ás especificidades do territorio galego e contribúen á perda de biodiversidade, un proceso que empobrece a resiliencia do sector primario fronte aos retos actuais, como o cambio climático ou as crises alimentarias que demanda variedades adaptadas aos nosos ecosistemas e prácticas agroecolóxicas sostibles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outro lado, as sementes tradicionais galegas teñen demostrado unha capacidade de adaptación e resistencia ás condicións climáticas e ambientais do noso país. Estas variedades autóctonas non só ofrecen un mellor rendemento en condicións adversas, senón que tamén son máis sustentables desde o punto de vista ambiental, xa que requiren menos insumos externos. Ademais, contribúen a manter a calidade e a singularidade dos produtos agrarios galegos, reforzando a súa competitividade no mercado. Porén, o uso destas sementes está a diminuír rapidamente, debido á falta de apoio institucional e á presión dun sistema agroindustrial que privilexia a uniformidade e a produtividade intensiva.

A creación e reforzo dun Banco de Sementes Tradicionais Galegas é un paso fundamental para revertir esta situación. Non só se trata de conservar a biodiversidade agrícola, senón tamén de fortalecer o modelo produtivo agroecolóxico. Este modelo pon no centro ás labregas e labregos, garantindo a súa capacidade para decidir sobre o que producen e como o fan, en vez de depender de decisións impostas por grandes corporacións ou intereses alleos á realidade galega.

Actualmente, existe un esforzo por preservar sementes tradicionais, pero os recursos e a estrutura do sistema son insuficientes para facer fronte ás necesidades reais do sector. Galiza conta co Banco de Sementes do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), que realiza un labor valioso de conservación ex situ e investigación. Este banco é unha ferramenta científica fundamental, centrada na preservación da biodiversidade agrícola e no estudo das variedades tradicionais. Non obstante, existen áreas nas que o modelo actual pode e debe ser complementado para resonder mellor ás necesidades prácticas do sector primario galego.

O sistema actual está fortemente centralizado e ten unha orientación técnica, con limitada participación directa das comunidades labregas. Isto limita o impacto práctico





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do Banco de Sementes na vida cotiá das explotacións agrarias, especialmente as pequenas e medianas, que son as que mais dependen das sementes autóctonas.

Polo tanto, é preciso dotar ao Banco de Sementes dunha infraestrutura descentralizada e dun enfoque participativo, que involucre de maneira activa ás comunidades labregas en todo o proceso de recollida, conservación e multiplicación das sementes. Isto permitirá democratizar o acceso a este recurso vital, fortalecendo a soberanía alimentaria e a viabilidade económica das explotacións familiares.

Ademais, a creación dun sistema de reserva estratéxica de sementes tradicionais galegas é esencial para responder ás emerxencias provocadas por desastres naturais, pragas ou outras crises agrarias. As recentes alteracións climáticas, como secas prolongadas e choivas torrenciais, xa están a afectar o sector primario galego, e as sementes tradicionais poden desempeñar un papel clave para garantir a continuidade da produción en situacións de incerteza.

Neste sentido, desde o BNG apostamos por fortalecer a investigación en colaboración con universidades e centros especializados galegos, unha colaboración que permitirá mellorar a produtividade e a resiliencia das variedades autóctonas, adaptándoas aínda máis aos retos do futuro sen comprometer a súa identidade xenética. Estas medidas teñen que ir acompañadas dun programa amplo de divulgación e formación que asegure que as novas xeracións de labregas e labregos teñan as ferramentas necesarias para conservar e utilizar estas sementes de maneira efectiva.

Por todo o exposto, queda moi ás claras que a preservación, promoción e uso das sementes tradicionais galegas son unha cuestión estratéxica que transcende o sector agrario. Trátase de protexer a nosa soberanía alimentaria, fortalecer a nosa economía rural, combater a emerxencia climática e preservar o patrimonio cultural que define a nosa identidade como pobo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, o reforzo do Banco de Sementes existente é necesario, mais tamén a súa ampliación cunha visión máis descentralizada, participativa e orientada á práctica, no marco dun modelo que complemente o traballo científico do CIAM cun sistema de nodos territoriais para facilitar o acceso ás sementes, promover a formación e o intercambio, e integrar á comunidade labrega na gobernanza e uso do Banco. Ademais, é fundamental impulsar medidas que conecten a preservación das sementes co desenvolvemento económico do rural, como a promoción dos circuitos curtos de comercialización e a vinculación das variedades autóctonas coa calidade diferenciada dos produtos galegos.

En consecuencia, esta iniciativa representa un paso adiante para garantir a continuidade das sementes tradicionais galegas como motor dunha agricultura sostible, resiliente e conectada coas necesidades das comunidades labregas, situando o noso país na vangarda dun modelo agrícola máis xusto, sustentable e soberano, e poñendo en valor o traballo das labregas e labregos que, ao longo dos séculos, forxaron a riqueza agrícola da nosa terra.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como se planifica a descentralización do Banco de Sementes para garantir que as pequenas explotacións agrarias de todo o territorio galego poidan acceder ás sementes autóctonas sen depender dunha infraestrutura centralizada?
2. Que medidas se tomarán para involucrar activamente ás comunidades labregas na xestión, recollida e conservación das sementes, e garantir un enfoque participativo real en todo o proceso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que recursos se asignarán concretamente no orzamento da Xunta para apoiar a ampliación do Banco de Sementes, e cal será a súa distribución entre as distintas áreas (recollida, conservación, formación)?

4. Ten a Xunta de Galiza pensado mecanismos que se implementarán para integrar as sementes autóctonas galegas nos circuitos curtos de comercialización e asegurar a súa presenza nos mercados locais, promovendo así a súa competitividade?

5. Como se garantizará a preservación das sementes tradicionais galegas fronte aos desafíos do cambio climático, e que medidas específicas se tomarán para que as variedades autóctonas sigan sendo resilientes a condicións ambientais extremas?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 12/02/2025 11:55:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para a protección dos traballadores e traballadoras agrícolas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de xaneiro deste ano 2025 coñecíamos a través da prensa unha operación da Guardia Civil nunha finca agrícola de Begonte adicada á produción de arandos na que se descubriu que 82 persoas inmigrantes estaban a ser explotadas.

As condicións de traballo e de vida destas persoas estaban moi lonxe de chegar aos mínimos exixidos pola normativa e pola dignidade humana. E o peor, do punto de vista do debate político e do punto de vista da obriga dos gobernos de velar polos dereitos humanos laborais, é que non se trata da primeira vez.

De feito a nosa compañeira Carme Aira xa o denunciara neste Parlamento no ano 2021, coincidindo coas concentracións realizadas en Castro de Rei polo Sindicato Labrego Galego, CC.OO, a Federación Rural Galega e máis Ecoloxistas en Acción, protestando pola morte dun traballador de Surexport, a empresa andaluza que explotaba as fincas.

Naquela concentración e nas iniciativas do grupo parlamentario do BNG xa se alertaba da situación de explotación laboral do persoal, do incumprimento das máis básicas medidas de seguridade e hixiene, así como das consecuencias deste modelo de explotación agrícola-industrial para outros produtores locais que se viron expulsados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos andeis dos supermercados por causa desta competencia ilegal e desleal, e mesmo se facía referencia a que esas condicións de traballo viñan producíndose desde o ano 2015.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cando foi a primeira vez que a Xunta Galiza recibiu denuncias, queixas ou advertencias da situación do persoal que traballaba nas fincas explotadas por Surexport?

2. Que actuacións realizou ou impulsou a Xunta de Galiza para impedir a explotación dos traballadores e traballadoras de Surexport?

3. Como explica a Xunta de Galiza que a situación de explotación do persoal traballador destas fincas situadas en Begonte obxecto de investigación poida vir xa desde o ano 2015?

3. Cantas explotacións agrícolas hai na Galiza que contén con man de obra inmigrante dun xeito temporal ou estacional? Onde se aloxa ese persoal e en que condicións?

4. Cal é a evolución da ocupación de traballadores e traballadoras de orixe inmigrante nas explotacións agrícolas do noso país desde o ano 2000?

5. Considera a Xunta de Galiza como colectivo especialmente vulnerábel á man de obra inmigrante?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/02/2025 12:38:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a homologación dos graos de dependencia e discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a aprobación e entrada en vigor da reforma introducida no procedemento de tramitación e valoración da dependencia e discapacidade, na Lei de medidas fiscais e administrativas de 2024, a Xunta de Galiza asegurou que convalidaran o grao de dependencia e discapacidade a “5.000 persoas que recibiron de maneira automática esa acreditación [de discapacidade] por ser dependentes”.

Segundo a propia Xunta de Galiza outras “1.000” recibirían o mesmo recoñecemento nas semanas seguintes.

A Xunta de Galiza, de acordo coa reforma aprobada, homologa de maneira automática ambas as dúas condicións co seguinte criterio:

“Disposición adicional décimo segunda. Normas de simplificación procedemental

[...]

a) Grao de dependencia I: grao de discapacidade do 33 %, como mínimo.

b) Grao de dependencia II: grao de discapacidade do 66 %, como mínimo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Grao de dependencia III: grao de discapacidade do 100 %.”

Segundo o persoal das Equipas de Valoración e Orientación da discapacidade, especialmente de quen ten que valorar o seu grao de autonomía ou necesidades de apoio, esta equiparación pode empeorar a súa situación ao non axustarse á súa condición real.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Das cinco mil persoas que segundo a Xunta de Galiza recibiron a equiparación de dependencia e discapacidade cantas o fixeron con cada grao de dependencia e con que grao de discapacidade?
- Cre a Xunta de Galiza que esta equiparación sistemática pode prexudicar as persoas ao non axustarse á súa realidade?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 12/02/2025 13:17:58

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2025 13:18:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estación de autobuses de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol xa ten sido chamada na prensa local de “estación fantasma”. Tal é o estado e a impresión que provoca a calquera que por alí se achegue.

De tres portas hai dúas pechadas, a cafetería e os baños da entrada tamén están pechados, a limpeza, a iluminación, a sinalización e a información ás persoas usuarias son inexistentes ou moi deficientes.

De todos os locais comerciais que hai dispoñíbeis apenas un está ocupado. Mentres que na banda das oficinas destinadas ás empresas a venda e atención ao público de carácter presencial está limitada á oficina de MONBUS de 9h a 14h de luns a venres, e á oficina de ARRIVA de 15:30h a 19:30h, tamén de luns a venres.

Estes feitos son os que caracterizan a estación de autobuses de Ferrol como estación fantasma. Practicamente sen presenza humana de luns a venres, e sen ningunha presenza humana durante as de fins de semana, coa maioría de locais e oficinas pechadas, nunha instalación pública, como dicía, que por causa do abandono da Xunta de Galiza, non conta nin sequera co nivel de limpeza ou de iluminación necesario, e que loce unha sinalización absolutamente pobre e exclusivamente en castelán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É claro que este abandono da instalación por parte da Xunta de Galiza, titular da mesma, repercute negativamente en primeiro lugar no servizo que debería prestar ás persoas usuarias, que moitas veces non teñen onde informarse ou facer unha reclamación, mais tamén, en segundo lugar, nos resultados da xestión económica da instalación, facendo da estación de autobuses de Ferrol un lugar no que ningunha empresa está interesada en instalar un local comercial.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta mantén abandonada a Estación de autobuses de Ferrol?
2. Considera a Xunta de Galiza que o estado da Estación e o servizo que ofrece ás persoas usuarias é óptimo?
3. Por que razón, considera a Xunta de Galiza, que non se ocupan os locais comerciais nin a cafetería da Estación de autobuses de Ferrol? Ten a Xunta de Galiza algún balance económico da xestión da Estación? Cal é?
4. Cal é o número de persoas que usan a diario a Estación de autobuses de Ferrol? Cal é o número de persoas que usan a Estación de autobuses nas fins de semana?
5. Cantas liñas de transporte saen ou pasan pola estación de autobuses de Ferrol? Cales son e que empresas as operan?
6. Que opina a Xunta de Galiza de que moitas persoas manifesten ter medo cando teñen que ir á Estación de autobuses de Ferrol?
7. En que situación están os anunciados plans da Xunta de Galiza para dotar Ferrol dunha Estación intermodal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/02/2025 13:23:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao impulso das obras da autovía da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de xullo de 2005, co goberno do PP en funcións, publicábase no DOG a Resolución do 22 de xullo de 2005, da Subdirección Xeral de Estradas, pola que se sometía a información pública o ante-

proxecto de construción e explotación da vía de alta capacidade Carballo-Fisterra (Clave AC/04/011.00. Plan Galicia). Neste anteprojecto contemplábase a realización do primeiro treito (Carballo-Baio) en corredor, sendo o resto do trazado unha vía reservada a automóviles sen posibilidade de desdoblamento.

Posteriormente, co goberno de coalición, estimouse a necesidade de modificar o anteprojecto, optando por unha solución no que se recollera o desdoblamento do treito Baio-Berdoias. Con data 21 de maio de 2007, a Dirección de obras públicas aprobaba o expediente de información pública e definitivamente “o anteprojecto nova infraestrutura viaria Costa da Morte Vía de alta capacidade Carballo -Berdoias, provincia de A Coruña”.

Cando se licitou por primeira vez a concesión de obra pública, na oferta presentada pola UTE formada por Ferrovial Agromán S.A. contemplábase a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

duplicación de este segundo tramo dentro dos 29 meses desde o inicio das obras. A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación ambiental emitira a resolución de 23 de xaneiro de 2009 polo que se adoptara a decisión de non someter a Avaliación de Impacto ambiental o proxecto de desdoblamento da V.A.C. Carballo-Berdoias. Tramo Baio-Berdoais. A Sociedade Concesionaria Baio, participada ao 50% polas empresas Ferrovial e Taboada e Ramos, solicitara a finais de abril á Xunta o reequilibrio financeiro do contrato de concesión, co argumento de que os problemas para obter liquidez impedíanlle executar o proxecto nas condicións previstas, e acabou presentando a súa renuncia ao contrato de concesión, tendo a Xunta que volver a licitar outro proceso contractual.

Un consorcio integrado por catro empresas foi seleccionada posteriormente, á terceira foi a vencida, para construír a autovía Costa da Morte, por 745 millóns de euros e cun prazo de concesión de 25 anos. As empresas Copasa, CRC, COVSA e Taboada e Ramos, foron as adxudicatarias da licitación desas obras ao presentar a oferta máis vantaxosa entre a dúas que se presentasen ao concurso de concesión da autovía. Esta UTE volveu a ter problemas de financiación e as obras acabaron paralizándose e a Xunta decidiu entón unilateralmente recortar o proxecto inicial. Dos 42 quilómetros planificados pasaron a 27, un 39 por cento menos de percorrido, namentres o orzamento se reducía só un 17 por cento. Con esta decisión, a Xunta acababa de proceder á resolución parcial do contrato de concesión de obra pública da Autovía da Costa da Morte no relativo á construción das obras do desdoblamento entre os enlaces de Baio norte –Santa Irene e da Autovía entre Santa Irene e Berdoias. O treito entre Baio e Berdoias quedou sen executar grazas aos acordos do Partido Popular, sempre “favorecedores” co desenvolvemento económico e das comunicacións da Costa da Morte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tivemos que esperar ata o ano 2020, a que publicaran o anuncio do 6 de febreiro de 2020 polo que se sometía ao trámite de información pública o proxecto de construción Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte. Treito Santa Irena-AC-432, (clave AC/16/219.01), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados. Unha nova afrenta, pois o tramo de case 16,5 Kms que faltan de autovía entre Baio e Berdoias, vai ser troceado en varias fases, e os primeiros 5,8 Kms desta primeira fase realizarase cunha vía para automóbiles nunha única calzada (esquerda) cun carril en cada sentido. Din no proxecto que deixan para un futuro, o desdoblamento pola dereita unha vez decidan a súa conversión en autovía, máis na propia documentación afirman no informe do servizo de supervisión de proxectos que “Dada a zona da que se trata e a situación actual, o máis probable e que se constrúa a VG e nunca chegue a desdoblarse (estase moi lonxe dos 10.000 v/d), polo cal, o tráfico de pesados repartido en dous carrís, un por sentido, podería ser un T2 se se considera o tráfico inducido” e instan a “Explicar e xustificar brevemente este feito (a VG que é unha alternativa a AC-552 estase a deseñar para un tráfico de pesados inferior ao da estrada convencional)”. Velaquí quedou descuberto o verdadeiro plan do goberno galego, despois de estar prometendo a autovía eleccións tras eleccións, sabendo dende o 2018 que non tiñan previsto acabar a autovía con dous carrís por sentido na Costa da Morte.

A día de hoxe, o proxecto troceado de case 6 Kms entre Salto e a estrada AC-432. non está aprobado definitivamente, e xusto a semana pasada contestaron as alegacións presentadas ao proxecto no 2020, cinco anos despois para rematar un trámite que se puido solventar nun mes. O orzamento que destina a Xunta este ano para esta infraestrutura foi de 8 millóns de euros, cantidade exigua, tendo en conta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o orzamento base de licitación previsto no ano 2018 para este pequeno tramo ascendía a 28.471.520,83 €, un prezo desactualizado que de seguro aumentará. Ademais, na plataforma de contratos públicos de Galiza non hai rastro da licitación destas obras, cando imos camiño de rematar o primeiro trimestre do ano.

Con todos estes antecedentes, e despois de dúas décadas de falsas promesas seguimos sen rematar a autovía AG-55 da Costa da morte, namentres a comarca segue perdendo poboación, perdendo oportunidades de implantación de empresas por non ter unhas comunicacións competitivas, e sobre todo, perdendo vidas nas estradas ao persistir menos seguridade nelas, e namentres o goberno da Xunta segue a ralentí con estes proxectos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando vai a licitar a Axencia Galega de Infraestrutura o contrato de obras para executar a fase da autovía A-55 entre Salto e Berdoais coa partida establecida nos orzamentos deste ano de 8 millóns de euros?
- Vai utilizar o goberno galego o mesmo sistema de colaboración público-privada xa utilizado na mesma autovía?
- Creen que a partida orzamentaria de 8 millóns de euros é suficiente para licitar o tramo entre Salto e Berdoais? É suficiente para licitar o tramo entre Salto e a estrada AC-432 (1ª fase de prolongación)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Consellería modificar e aumentar a partida orzamentaria deste ano 11-A1-512B-6001 VAC- Baio-Berdoias polo importe necesario para rematar a obra o antes posible? Que plan ten a Consellería para facer fronte a este proxecto?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: Óscar Insua Lema

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 12/02/2025 13:32:41

Daniel Pérez López na data 12/02/2025 13:32:45

Luis Bará Torres na data 12/02/2025 13:32:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, para a posta en valor da ermida de Santa Margarida no Concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A capela de Santa Margarida, situada na parroquia do Val, no Concello de Narón, forma parte dunha rede de capelas co selo da Orde de San Xoan, idéntica á primitiva igrexa de Santo André de Teixido, e xunto cos demais elementos patrimoniais que a rodean, fonte e cruceiro, é unha das xoias do patrimonio histórico do Concello de Narón e da comarca de Ferrol.

Data do primeiro terzo do século XVI, puido ser construída por Fernando de Andrade e a súa esposa Inés de Castro e Lanzós, e foi no seu día hospedaxe e hospital para peregrinos, así como lugar onde se celebraba unha das principais feiras da comarca até mediado o século XX, dedicada aos produtos de madeira.

Como a tantas outras fontes do noso país a esta, situada ao pé da ermida, tamén se lle atribúen poderes “milagreiros”. Conta con dous canos con forma de peitos, un baixo a advocación de Santa de Lucía, ao que se lle atribúe o poder de curar males relacionados coa vista, e outro baixo a advocación de Santa Margarida, ao que lle atribúen poderes relacionados coa fertilidade.

Trátase dun conxunto patrimonial histórico, artístico, e inmaterial da máxima relevancia, do que a ermida é o seu elemento máis importante e que hoxe en día está absolutamente degradada, até o punto de non poder celebrarse ningún acto litúrxico no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu interior, como viña sendo habitual polo menos nas festas patronais que se celebran sempre a primeira fin de semana de xullo de cada ano.

A restauración da capela ademais de ser unha urxencia para veciños e veciñas, sería a ocasión para retirar elementos alleos como un cadro eléctrico ou a uralita do tellado, e combinada coa posta en valor de todo o conxunto sería unha gran oportunidade para recuperar as tradicións, a feira, e dar a coñecer tanto á poboación da comarca como ás persoas que nos visitan, dun xeito moi directo e moi gráfico, como se produce unha evolución cultural a través das súas diferentes manifestacións, pagáns e cristiáns, mais en todo caso sempre populares e integradas no día a día.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galiza a situación de deterioro da Capela de Sta. Margarida do Val no concello de Narón?
2. Coñece a Xunta de Galiza o valor de todo o conxunto que forma a ermida coa fonte e máis co cruceiro?
3. Coñece a Xunta de Galiza que ese lugar foi hospedaxe e hospital de peregrinos?
4. Coñece a Xunta de Galiza que nese lugar tiña lugar unha das principais feiras da comarca dedicadas á madeira?
5. Ten algún plan a Xunta de Galiza para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado pola ermida de Santa de Margarida no Val (Concello de Narón) o seu cruceiro e a súa fonte?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 12/02/2025 13:36:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Paulo Ríos Santomé e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir un transporte público digno na comarca de Ortegal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do Ortegal atópase limitada por un transporte público insuficiente, o que impacta negativamente na súa calidade de vida, mobilidade, acceso a servizos e oportunidades laborais.

Esta situación agrava o despoboamento e dificulta a cohesión territorial. Por iso o BNG dos concellos do Ortegal lanzou unha campaña social reclamando un transporte público digno e funcional que vertebre a comarca, que favoreza a igualdade real de todas as persoas, nomeadamente as que viven nas zonas rurais, e que promova o desenvolvemento económico.

Mentres que a sustentabilidade ambiental, a eficiencia económica, e a garantía dos dereitos de todas as persoas (a mobilidade é dun dereito esencial) recomendan impulsar o transporte público, aquí na Galiza e no Ortegal, as políticas da Xunta de Galiza do Partido Popular fan aumentar a dependencia dos medios de transporte privados.

A campaña social lanzada polo BNG dos concellos de Ortegal tivo, de inmediato, unha excelente acollida que xuntou case 500 sinaturas en pouco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menos de 3 semanas e que se suma aos apoios das corporacións locais manifestado na aprobación das mocións presentadas polo BNG, en Cariño (aprobada por unanimidade) e en Ortigueira (coa abstención do PP).

Horarios imposíbeis, autobuses que non pasan, incumprimentos dos pregos.... son algunhas das características do transporte público por estrada nos concellos do Ortegal, que en xeral é absolutamente deficiente, e que carecen, tamén polo abandono da Xunta de Galiza, da que sería alternativa lóxica, o transporte ferroviario de proximidade.

O antigo FEVE representa unha infraestrutura e un servizo que malia as propostas do BNG para conseguir a transferencia a favor da Xunta, e impulsalo como factor de dinamización social e económica, nunca foi obxecto de interese para o Partido Popular, condenándoo a unha precaridade absoluta, e condenando tamén a toda a veciñanza do Ortegal.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galiza desatende e discrimina aos Concellos do Ortegal?
2. Por que os Concellos do Ortegal non contan con un transporte público axeitado ás necesidades da súa veciñanza?
3. Por que a Xunta de Galiza consinte que as empresas concesionarias das liñas de transporte por estrada incumpran os horarios e frecuencias establecidas nos pregos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Por que a Xunta de Galiza non reclama a transferencia do antigo FEVE?

5. Por que os Concellos do Ortegal non contan coas vías de comunicación prometidas hai xa moitos anos?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/02/2025 17:09:46

José Manuel Golpe Acuña na data 12/02/2025 17:09:49

Paulo Ríos Santomé na data 12/02/2025 17:09:56





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:23:43
Nº Rexistro: 19985
Data envío: 12/02/2025 17:23:43,969

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A sucesión de brotes de flavescencia dourada nos últimos dous anos provocou que a praga xa estea presente en moitas explotacións próximas á conca do río Miño.

Esta situación levou a que tanto na D.O Ribeiro a enfermidade sexa xa endémica e, de non actuar con decisión, estenderase á D.O Monterrei, segundo entende a organización Unións Agrarias.

A organización insta a Xunta de Galicia a actuar nunha tripla dirección. Por unha banda, realizando controis máis esixentes de certificación fitopatolóxica nos viveiros que neste momento están a achegar novas cepas ás explotacións, co fin de evitar a entrada de plantas afectadas pola enfermidade.

En paralelo, intensificar a campaña de información a todos os elos da cadea vitivinícola para que teñan un coñecemento claro sobre como actuar de maneira eficaz ante unha das enfermidades fitoplasmáticas máis importantes e prexudiciais.

Para a organización agraria, tamén é moi importante que a Xunta de Galicia actúe xa para tratar de controlar, antes da primavera, a actividade do insecto transmisor (*Scaphoideus littoralis*), mediante trampas. Para iso, é necesario dotar de orzamento un protocolo urxente de intervención nas parcelas abandonadas, co fin de arrincar as cepas e evitar que estas se convertan nun reservorio e un foco de propagación desta enfermidade letal para as **viñas**.





Ademais, da aplicación de tratamentos fitosanitarios para combatela, a eliminación das cepas afectadas supón unha parte fundamental da metodoloxía para aplicar. A organización considera necesario abordar a situación con rigor e celeridade, e buscar métodos para controlar unha praga que avanza desde Portugal e cuxa propagación podería ter consecuencias nefastas. Neste sentido, Unións Agrarias fai un chamamento para que a Xunta de Galicia dea un paso adiante e impulse sen demora un plan de acción que permita implementar as medidas necesarias para frear o problema antes de que se agrave novamente coa chegada da primavera.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ante a sucesión de brotes de Flavescencia Dourada nos últimos dous anos provocou que a enfermidade xa sexa endémica na zona do Ribeiro na provincia de Ourense, vai a Xunta de Galicia incrementar as medidas postas en marcha para frear o problema?
2. Vai o Goberno galego incrementar a presenza de trampas?
3. Valora o Goberno galego incrementar a campaña de información?
4. Pensa o Goberno galego que se pode estender á D.O Monterrei?
5. Vai realizar o Goberno galego un plan completo de acción para frear o problema?

Parlamento de Galicia, 12 de febreiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:23:43
Nº Rexistro: 19985
Data envío: 12/02/2025 17:23:43,969

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/02/2025 16:33:51

Lara Méndez López na data 12/02/2025 16:34:01

CSV: B0JRE0-SMCP-A6E8XNA5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70106

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:25:23
Nº Rexistro: 19990
Data envío: 12/02/2025 17:25:23.439

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Lara Méndez López, Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Calos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A sucesión de brotes de flavescencia dourada nos últimos dous anos levou a que na Denominación de Orixe Rias Baixas a enfermidade sexa xa endémica e a Xunta de Galicia debe tomar decisións ao respecto.

A organización agraria Unións Agrarias insta a Xunta de Galicia a actuar nunha tripla dirección. Por unha banda, realizando controis máis esixentes de certificación fitopatolóxica nos viveiros que neste momento están a achegar novas cepas ás explotacións, co fin de evitar a entrada de plantas afectadas pola enfermidade.

En paralelo, intensificar a campaña de información a todos os elos da cadea vitivinícola para que teñan un coñecemento claro sobre como actuar de maneira eficaz ante unha das enfermidades fitoplasmáticas máis importantes e prexudiciais.

Para a organización agraria, tamén é moi importante que a Xunta de Galicia actúe xa para tratar de controlar, antes da primavera, a actividade do insecto transmisor (*Scaphoideus littoralis*) mediante trampas. Para iso, é necesario dotar de orzamento un protocolo urxente de intervención nas parcelas abandonadas, co fin de arrincar as cepas e evitar que estas se convertan nun reservorio e un foco de propagación desta enfermidade letal para as viñas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:25:23
Nº Rexistro: 19990
Data envío: 12/02/2025 17:25:23.439

Ademais, da aplicación de tratamentos fitosanitarios para combatela, a eliminación das cepas afectadas supón unha parte fundamental da metodoloxía para aplicar. A organización considera necesario abordar a situación con rigor e celeridade, e buscar métodos para controlar unha praga que avanza desde Portugal e cuxa propagación podería ter consecuencias nefastas. Neste sentido, Unións Agrarias fai un chamamento para que a Xunta de Galicia dea un paso adiante e impulse sen demora un plan de acción que permita implementar as medidas necesarias para frear o problema antes de que se agrave novamente coa chegada da primavera.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ante a sucesión de brotes de flavescencia dourada que nos últimos dous anos provocou que a enfermidade xa sexa endémica na D.O Rias Baixas, vai a Xunta de Galicia incrementar as medidas postas en marcha para frear o problema?
2. Vai o Goberno galego incrementar a presenza de trampas?
3. Valora o Goberno galego incrementar a campaña de información?
4. Vai o Goberno galego realizar un plan completo de acción para frear o problema?

Parlamento de Galicia, 11 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/02/2025 17:15:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70108

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:25:23
Nº Rexistro: 19990
Data envío: 12/02/2025 17:25:23.439

Lara Méndez López na data 12/02/2025 17:15:26

Elena Espinosa Mangana na data 12/02/2025 17:15:37

Paloma Castro Rey na data 12/02/2025 17:15:47

Carlos López Font na data 12/02/2025 17:15:56

CSV: B0JRE0-SIKC6F63ER6A5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70109

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:27:42
Nº Rexistro: 19995
Data envío: 12/02/2025 17:27:42.502

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Desde hai décadas os veciños e veciñas da rúa Padre Fernando en Pontevedra e, en xeral, a veciñanza da contorna do Centro Galego de Tecnificación Deportiva padecen inundacións recorrentes das súas rúas, garaxes e baixos de vivendas, que se traducen en multitude de danos materiais e nunha situación de inseguridade permanente na que viven.

A causa principal do problema está perfectamente diagnosticada desde hai anos e deriva da urbanización da zona e a construción do antigo Estadio de la Juventud sobre o que era un humidal e o espazo de inundación natural do rego de Valdecorvos na súa desembocadura no Lérez.

Unha ampla xunqueira substituída por unha tubaxe a cota case que impide a saída do Valdecorvos ao Lérez en momentos nos que coincide a marea alta con episodios de precipitación minimamente intensos. Este vello problema agravouse nos últimos anos, debido aos efectos do cambio climático, que provoca cada vez con máis frecuencia chuvias de tipo torrencial, acumulando moita auga en pouco tempo e provocando incrementos bruscos de caudal do Rego, ao que se suma unha urbanización crecente na súa parte alta, na contorna da rúa Prado Novo e da estrada de Ourense, o que segue a reducir a superficie de chan natural, substituíndoo por tellados e asfalto, que incrementan a escorrentía cara ao rego de Valdecorvos e súmanlle aínda máis caudal, incrementado o risco de inundación en Padre Fernando Olmedo.





Conscientes deste problema e coa vontade dobre de, por unha parte, dar unha solución práctica aos veciños e veciñas desta zona da cidade que evitase as inundacións que padecen con cada vez máis frecuencia e, por outra, restaurar e mellorar, tanto desde o punto de vista hidrolóxico como ambiental, o Rego de Valdecorvos na súa parte alta, no ano 2022 o Partido Socialista, á fronte da Concellaría de Desenvolvemento Sostible do Concello de Pontevedra, tras unha serie de rigorosos estudos previos, presente o “Proxecto da Obra de Mellora Hidrolóxica do Drenado Natural e Paisaxismo do Parque do regato Valdecorvos”, no que se establecen, principalmente, dúas grandes solucións baseadas na natureza:

- a. A construción río arriba, no actual parque de Valdecorvos, de dúas lagoas de inundación natural, que controlasen os incrementos de caudal e evitasen así as inundacións en Padre Fernando Olmedo.
- b. Recuperar ambientalmente o Rego e, aproveitando a construción das lagoas de inundación, crear na súa contorna unha gran zona verde que se converta no parque e zona central de lecer do crecente número de veciños e veciñas da zona de Valdecorvos.

Previamente, aínda en fase de estudo e anteproxecto, a actuación, susceptible polo seu carácter sostible de ser financiado integramente con fondos europeos, foi presentado coa boa recepción pola súa parte a Augas de Galicia, comezando, con este organismo dependente da Xunta de Galicia, un froitífero traballo conxunto que se traduciu en varios fitos:

- a. A incorporación no ano 2021, tralas alegacións formuladas polo PSOE desde a Concellaría de Desenvolvemento Sostible do Concello de Pontevedra, do Rego de Valdecorvos e da rúa Padre Fernando Olmedo ao Plan de Xestión de Risco de Inundación de Galicia 21-27, abrindo así as portas ao financiamento desta obra por parte da Xunta de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:27:42
Nº Rexistro: 19995
Data envío: 12/02/2025 17:27:42.502

- b. A elaboración do mencionado “Proxecto da Obra de Mellora Hidrolóxica do Drenado Natural e Paisaxismo do Parque do Regato Valdecorvos”, froito do traballo conxunto entre a anterior Concellería de Desenvolvemento Sostible do Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia.
- c. A autorización de obra solicitada a Augas de Galicia polo Concello de Pontevedra o 11 de marzo de 2022.
- d. O anuncio de Augas de Galicia o 9 de decembro de 2024 de asumir o proxecto elaborado conxuntamente por este organismo e Concellaría socialista de Desenvolvemento Sostible do Concello de Pontevedra no ano 2022, financiando non só a obra, senón tamén a redacción do proxecto de execución; sendo a de Pontevedra, grazas ao traballo desenvolvido desde hai anos polo PSOE no Goberno de Pontevedra, a primeira solución deste tipo que se execute en Galicia.

Por todo o sinalado anteriormente, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego incluír o “Proxecto da Obra de Mellora Hidrolóxica do Drenado Natural e Paisaxismo do Parque do Regato Valdecorvos” nas medidas no seu Plan de Xestión de Risco de Inundación de Galicia 21-27?
2. Vai financiar Augas de Galicia, só a redacción do proxecto ou tamén a execución da obra?
3. Quen licita, contrata e se fai cargo da execución da obra, Xunta ou Concello?
4. O proxecto que vai executar o Goberno galego axústase á proposta de SUDS (Sistema Urbano de Drenaxe Sostible), consistente na creación dunhas balsas de inundación natural, remitido polo Concello de Pontevedra en 2022





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2025 17:27:42
Nº Rexistro: 19995
Data envío: 12/02/2025 17:27:42.502

baixo o título "Proxecto da Obra de Mellora Hidrolóxica do Drenado Natural e Paisaxismo do Parque do Regato Valdecorvos, Pontevedra?"

5. Que prazos se prevén, tanto para a finalización do proxecto de execución material, como para a execución da obra?

6. Que importe estimado da actuación prevé o Goberno galego?

7. Que competencia ou intervención vai ter o Concello de Pontevedra neste proceso?

Santiago de Compostela, 12 de Febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/02/2025 16:44:01

Carlos López Font na data 12/02/2025 16:44:10

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70113

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para a constitución do Consello para o uso sustentable da auga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os datos e estudos confirman que en Galiza estase a producir unha "mediterraneanización". Isto non quere dicir que estea chovendo menos que en anos anteriores, pero as precipitacións concéntranse en determinados períodos, o que pode chegar a producir inundacións porque o solo está mais seco e absorbe menos auga. Ademais, cada vez hai mais zonas urbanizadas e deforestadas que non permiten absorber esa auga.

A vez nos últimos anos estanse a acentuar os períodos de seca causada por un proceso acelerado de cambio climático, con ondas de calor. A mudanza climática é un elemento chave xa que actúa como un amplificador dos fenómenos meteorolóxicos severos.

Aínda que non todo o territorio galego sofre na mesma medida as consecuencias destes procesos. Temos moitos concellos cunha alta ou media probabilidade de sufrir inundacións, sendo concellos con riscos por inundacións costeiras, fluviais ou pluviais. Pero, tamén existen numerosas áreas e comarcas que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se están vendo afectadas pola seca e a escaseza de auga, un problema que se está cronificando e que afecta gravemente as actividades relacionadas co ciclo urbano da auga (abastecemento para consumo humano e servizos), a actividade industrial e as actividades do sector primario.

Resulta imprescindible facer previsións e planificación de carácter estrutural, a medio e longo prazo, para facerlle fronte ás necesidades relacionadas coa garantía das reservas de auga para as actividades humanas e económicas esenciais.

Esta previsión e planificación debe atender unha serie de criterios fundamentais:

- a) Ser de carácter global, de maneira que vaia máis alá das infraestruturas do ciclo urbano da auga e teña en conta tamén as demandas relacionadas coa biodiversidade e as necesidades dos diferentes sectores económicos.
- b) Ter carácter estratéxico, co obxecto de garantir un ben esencial -mais escaso- nun escenario temporal prolongado.
- c) Ser resultado dun amplo proceso de participación, social e institucional, co obxecto de chegar a acordos do país que sitúen a auga como unha cuestión estratéxica e pactada, situada por riba das ópticas políticas ou territoriais.
- d) Estar baseada na nova cultura da auga, apostando pola protección dos recursos, unha boa base de información sobre as reservas de auga superficiais e subterráneas, a conservación e calidade das masas de auga, a redución e eficiencia no consumo e a reutilización das augas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- e) A corresponsabilidade social e a concienciación para o uso sustentábel e eficiente dos recursos.
- f) A aplicación de melloras tecnolóxicas para garantir a máxima eficiencia na xestión dos recursos así como o fomento de solucións baseadas na natureza (tecnoloxías verdes).
- g) Unha nova gobernanza da auga, coa corresponsabilidade dos diferentes niveis da administración e das comunidades de persoas usuarias.

Para impulsar unha nova política da auga é necesario fomentar a máxima participación e corresponsabilidade da sociedade. A propia Lei de augas de Galiza do ano 2010 prevé a creación do Consello para o uso sustentábel da auga, organismo cuxa posta en marcha foi anunciada polo goberno galego fai 12 anos.

Na propia páxina web de Augas de Galiza dise literalmente: “créase tamén o Consello para o Uso Sustentable da Auga como órgano de participación das distintas entidades públicas e privadas con competencias e intereses vinculados á auga así como dos cidadáns e das cidadás de Galiza. Desenvolve as súas actividades fundamentais no ámbito da planificación hidrolóxica e, en xeral, ten recoñecidas facultades informativas e de proposta”.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cando se ten previsto crear o Consello para o Uso Sustentable da Auga, órgano previsto para formar parte do goberno de Augas de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai ser un órgano de participación das distintas entidades públicas e privadas con competencias e intereses vinculados á auga así como dos cidadáns e das cidadás de Galiza, tal como se reflicte na propia páxina web de Augas de Galiza?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/02/2025 17:41:52

Luis Bará Torres na data 12/02/2025 17:41:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da atención primaria con concello das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta vén de anunciar a instalación dunha equipa de radioloxía no Centro de Saúde de Ortigueira, por un importe de 151.250 €, xunto coa creación da sala de raios X dixitais no de Pontedeume, polo mesmo importe, como parte do resultado da adxudicación duns 500.000 € para a adquisición de novas salas de radioloxía e renovación das xa existentes na área sanitaria de Ferrol.

A finalidade é, segundo a delegada da Xunta, “... dotar dunha maior capacidade de diagnose e mellorar así a prevención da enfermidade e evitar complicacións posteriores nos pacientes ..., reforzar o seu propósito dunha atención primaria máis resolutiva ..., obter con maior rapidez un diagnóstico precoz, e axudar no seguimento de patoloxías ...”, ademais de “... evitar desprazamentos innecesarios aos pacientes ...”

O meritado servizo forma parte das demandas históricas da sociedade pontesa á sanidade pública, que o BNG inclúe como emenda aos orzamentos da Xunta todos os anos, e que agora volve ser desprezada e ninguneada, sen elementos discriminatorios válidos para dita decisión, como se pode comprobar na táboa seguinte:

CONCELLO	POBOACIÓN	DESRAZAMENTO A FERROL
-----------------	------------------	------------------------------





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

		DISTANCIA (km)	TEMPO (min)
Ortigueira	5.420	50,0	44
Pontedeume	7.563	18,7	18
As Pontes	9.974	38,6	28

A falta de servizo de raios X non é a única eiva que presenta historicamente o servizo sanitario no concello das Pontes, de feito, a área sanitaria de Ferrol ven de anunciar nos pasados días a recente incorporación dun cuarto equipo de Hospitalización a Domicilio, o cal permitirá a mellora asistencial dos/as pacientes da área sanitaria

Con todo, á evolución de demanda do servizo, fai preciso que permanezamos expectantes para vixiar a correcta atención das necesidades da veciñanza pontesa dada a especial atención que requiren as persoas destinatarias deste servizo.

O PAC das Pontes non é alleo á dinámica que impera en todo o sistema de atención primaria do país e a miúdo sofre a falta de cobertura na prazas de medicina de familia, co consecuente cúmulo de traballo e falta de atención para pacientes que deben desprazarse ás urxencias hospitalarias para ser atendidas.

A data de hoxe, o PAC das Pontes, non conta cunha praza titular de pediatría, malia de ter As Pontes unha poboación de case 10.000 habitantes. A actual praza de pediatría ofrecese de xeito intermitente compartindo un mesmo profesional con outro centros médicos nos concellos veciños.

Tampouco se incrementaron as especialidades, e así, unha vila na que está a sufrir unha caída do emprego, por mor do peche da central térmica de Endesa, non conta cun profesional de saúde mental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O transporte de emerxencias está infradimensionado para a poboación do concello das Pontes, sen que sexa un feito illado non dispoñer de ambulancia no PAC das Pontes.

A veciñanza do concello leva meses manifestándose diante do centro de saúde sen que as súas demandas sexan recollidas por ninguén.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galiza dotar de servizo de raios X o PAC das Pontes?
2. Por que non ten o PAC das pontes consolidadas as dúas prazas de pediatría?
3. Cando se van dotar a totalidade de prazas de pediatría?
4. Considera a Xunta suficientes as prazas actuais de medicina de familia?
5. Ten previsto a Xunta incrementar ou reforzar as prazas de medicina de familia?
6. Cantas ambulancias están asignadas ao PAC das Pontes?
7. Considera suficiente a dotación actual de ambulancias para toda a zona sanitaria das Pontes?
8. Cantos vehículos están a disposición dos profesionais do PAC das pontes para atención domiciliaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 13/02/2025 10:02:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para declarar BIC, Ben de Interese Cultural o conxunto termal situado na illa de A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As augas termais da illa de A Toxa, situada no concello de O Grove, deron lugar a unha historia balnearia, desde inicios do século XX, coñecida a nivel internacional.

Arredor desta actividade desenvolveuse un complexo termal de edificios e elementos formando un conxunto patrimonial composto por:

- Gran Hotel Balneario, que segundo o que recolle o arquitecto José Luis Paulo Campos na súa tese “Arquitectura e Patrimonio da elite en Arousa”, foi construído entre 1905 e 1907 polo arquitecto ourensán Daniel Vázquez-Gulías. Nel usouse por primeira vez en Galiza a estrutura de formigón armado para un edificio destas características, o que, segundo o mesmo, desde un punto de vista técnico e urbanístico, no contexto da arquitectura galega, é un elemento singular, único e necesariamente a protexer cunha protección integral

- A Capela, construída polo mesmo arquitecto, inaugurada en 1909, e recuberta de cunchas de vieira nos anos corenta, o que a fai única.

- O Balneario de de pedra de 1928.

- Os restos da antiga fábrica de xabóns.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Chalés de 1922 e 1930, situados ao oeste do Gran Hotel Balnearios.
- Vasos da balaustrada, xardíns..

Este conxunto termal é unha estrutura física representativa dunha comunidade que evolucionou social e economicamente ao seu redor, único e indisolúbel. O conxunto conserva valor histórico, como testemuño da época balnearia que se desenvolveu a principio do século XX, valores e singularidades a nivel arquitectónico e construtivo que fan preciso que se realicen todas as actuacións para a súa protección e preservación.

Mais a realidade é que toda a documentación histórica que avala o seu valor, está sendo ignorada na tramitación do PXOM do concello de O Grove, e na vez manter o nivel de Protección Integral do que gozaba, rebaixase a protección ambiental.

O Bloque Nacionalista Galego considera que non hai ningunha xustificación para rebaixar a protección, senón que hai que aumentar a mesma, xa que o conxunto contén valores culturais e históricos suficientes para declaralo Ben de Interese Cultural, BIC, como xa ten demandado a Asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías.

De conformidade coa Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galiza que no artigo 10.1.g) Conxunto histórico: a agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno galego que Galiza pode seguir perdendo patrimonio, por falta de impulsar medidas de protección do mesmo?

Que acción vai realizar o Goberno galego para preservar o conxunto patrimonial existente na Illa da Toxa, no concello de Ogrobe, formado polo Gran Hotel Balneario, a Capela, o Balneario de 1928, os restos da antiga fábrica de xabóns, os vasos da balaustrada, xardíns...?

Vai aprobar a rebaixa de protección deste conxunto, de protección integral a ambiental, como se pretende no PXOM do concello de Ogrobe?

Cal é a xustificación para non ter atendendo a petición presentada pola Asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías para a declaración de Ben de Interese Cultural BIC?

Vai tomar a Xunta a iniciativa para declarar este conxunto BIC?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2025 10:19:36





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A deficiente xestión das políticas medioambientais que está a levar a cabo o concello de Ribadumia están a dar lugar a situacións insostibles que afectan tanto á saúde pública como a calidade ambiental deste municipio.

Isto deriva do desleixo na implementación e posta en marcha de obras de mellora medioambiental financiadas en parte pola Xunta de Galicia, en concreto:

- a) A parálise das instalacións do punto limpo e o uso indebido das instalacións municipais para almacenaxe de residuos.
- b) Os continuos vertidos que se seguen a producir no río Umia, especificamente na zona do colector de Cabanelas, a pesar da obra de mellora do bombeo e do colector de Cabanelas (Ribadumia) cun investimento de máis de 950.000 euros feita pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a Xunta ten que levar a cabo o seguimento e control das políticas medioambientais dos concellos e fiscalizar a xestión que se fai das obras executadas con investimento público do Goberno galego, así como a súa eficiencia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 10:38:51
Nº Rexistro: 20019
Data envío: 13/02/2025 10:38:51.057

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego esixir ao Concello de Ribadumia a apertura das instalacións do punto limpo e a revisión da execución do proxecto de mellora do bombeo e do colector de Cabanelas (Ribadumia) co fin de corraxir as eivas existentes para que verta as súas augas directamente á EDAR de Ribadumia e evitar así os continuos vertidos no río Umia?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/02/2025 18:52:04

Carlos López Font na data 12/02/2025 18:52:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70126

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 10:47:48
Nº Rexistro: 20025
Data envío: 13/02/2025 10:47:48.561

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias, así como que dende o Sergas se corrixan as carencias nos centros hospitalarios existentes na actualidade nos diferentes territorios.

No ano 2016 asinouse un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, no que se habilita á Xunta para a inclusión e xestión dun posible aparcadoiro e no Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta no ano 2017, establécese que o aparcadoiro será dimensionado polo Sergas posteriormente.

No proxecto de execución establécese que na 2ª fase, investiranse 25 millóns de €, que se destinarán a reformas no actual edificio e á creación dun aparcadoiro cuberto de 1.400 prazas que dea servizo a usuarios, familiares e persoal do centro, sen concretar se a súa xestión será pública ou privada.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 10:47:48
Nº Rexistro: 20025
Data envío: 13/02/2025 10:47:48.561

Iniciada a execución, no mes de xaneiro de 2025 a preguntas da prensa sobre as características deste aparcadoiro o presidente Rueda afirmou que: "non vai ser gratis, que é o que nos están pedindo, pero terá prezos asequibles".

Dende o Grupo Socialista, non consideramos que o adxectivo *asequibles* sexa unha unidade de medida nin un parámetro obxectivo e como xa temos manifestado en diversas ocasións parécenos inadmisibile e intolerable que este aparcadoiro poida ser de pago, xa que entendemos que é un servizo público vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade, e por isto reclamamos a súa gratuidade para persoas usuarias e cadro de persoal do centro.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Entende o Goberno galego que o aparcadoiro dun hospital público é un servizo vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade?

Santiago de Compostela, 13 de febrero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/02/2025 18:56:00

Elena Espinosa Mangana na data 12/02/2025 18:56:09

Silvia Longueira Castro na data 12/02/2025 18:56:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70128

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o centro de día do concello das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente, o concello das Pontes continúa sen dispoñer de servizos públicos sociosanitarios suficientes nas súas diferentes modalidades (insuficiencia de prazas de atención diúrna, ausencia de prazas públicas residenciais...) que cubran as necesidades da poboación, obrigando a buscar recursos privados de elevado custo, na súa maioría fóra da propia área sociosanitaria, ou a acceder a centros residenciais públicos en zonas lonxe do seu lugar de residencia, mesmo fóra da provincia.

Os Centros de Día son servizos de atención diúrna para persoas en situación de dependencia que precisan atención e/ou apoios de media intensidade (xornada parcial ou completa) e que permiten garantir o mantemento das persoas usuarias no seu domicilio e na súa contorna, retrasando na medida do posible a institucionalización.

Segundo consta publicado no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, o Centro de Día das Pontes, de iniciativa pública e dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, iniciou a súa actividade o 21/09/2012 cun total de 30 prazas autorizadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Inicialmente, e segundo o convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello das Pontes para a xestión indirecta do dito Centro, aprobado por Resolución da Alcaldía o 24/10/2012, estableceuse a gradación na dispoñibilidade das prazas, dando cobertura nos exercicios 2012 e 2013 a un total de 16 prazas e debendo aumentar progresivamente ata as 30 autorizadas.

A última licitación que consta ten unha cobertura dun máximo de 16 prazas, non cumprindo coa aumento gradual previsto tras 12 anos de actividade e sen atender ás necesidades e demandas da poboación pontesa solicitante de dito recurso, como o evidencia o número de persoas na listaxe de agarda.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cando vai a Xunta a habilitar a totalidade das prazas autorizadas no centro de día das Pontes?
2. Considera a xunta que as actuais prazas son suficientes?
3. Ten a Xunta un estudo sobre a futura demanda de prazas no centro de día das Pontes?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 13/02/2025 11:08:48





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A alimentación é un dos piares básicos para a nosa supervivencia, e un dos aspectos máis relevantes no mantemento da nosa saúde.

Pero a alimentación tamén forma parte da nosa cultura e ten outros impactos. Para algunhas persoas, comer é un pracer, para outras case un castigo, pero tamén hai xente que a forma para comer non se axusta ás súas necesidades. É polo que son necesarias as figuras dos nutricionistas ou dietistas.

Algunhas veces confundimos a nutricionistas e dietistas, e non son profesionais idénticos nin fan as mesmas cousas.

No caso de nutricionistas, estamos a falar de profesionais que se formaron en Nutrición e Dietética a nivel universitario ou ben se especializaron dentro da medicina en nutrición, e son especialistas en pautas alimentarias focalizadas nas necesidades dos pacientes.

Dito doutra forma, os nutricionistas son imprescindibles para aquelas persoas que padecen algún tipo de enfermidade.

E sen querer entrar nunha explicación máis ampla o dietista é un profesional que se encarga do acto para comer, pero cunha formación máis limitada.





Pero quixen facer esta pequena descrición porque aínda que poden cumprir funcións parecidas nalgúns casos, só unha das ramas se considera que é parte do Sistema Nacional de Saúde.

Estamos a falar do nutricionista, cuxa formación é máis especializada e permítelle facer fronte ao asesoramento e intervención en casos de patoloxía.

E son especialistas cada vez máis necesarios, ben por problemas de obesidade, ben por poboación máis envellecida e moitas máis circunstancias e enfermidades que se dan actualmente.

A Xunta de Galicia tiña un plan inicial para dotar de nutricionistas aos centros de saúde de Galicia, que comezou en decembro do ano 2022 e, recentemente, chegou ao seu fin.

Vigo contaba con dezaseis profesionais nutricionistas que traballaron na Atención Primaria de Vigo, con todo agora que finaliza este plan Vigo queda con nove nutricionistas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1.Está disposta a Xunta de Galicia a cubrir as prazas de nutricionistas necesarias para dar resposta ás necesidades da Atención Primaria en Vigo?

2.Está disposta a Xunta de Galicia a manter, polo menos, as 16 persoas profesionais que estaban a traballar en Atención Primaria desde o ano 2022 ata hai uns días?

Parlamento de Galicia, 13 de febreiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 12:29:16
Nº Rexistro: 20035
Data envío: 13/02/2025 12:29:16.475

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/02/2025 11:36:34

Carlos López Font na data 13/02/2025 11:36:45

Silvia Longueira Castro na data 13/02/2025 11:36:54

CSV: B0JRE0-SF0DARCTHMeA5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70134

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 12:41:03
Nº Rexistro: 20041
Data envío: 13/02/2025 12:41:03.979

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo presentando diversas propostas en relación coa situación laboral da muller na nosa comunidade, con altas taxas de parcialidade e unha fenda salarial inasumible sen que o Goberno galego puxese en marcha as medidas suficientes que ataquen frontalmente esta problemática como a inserción laboral de mulleres en sectores masculinizados.

Calquera análise de cifras do mercado laboral galego corrobora o carácter estrutural da fenda de xénero en Galicia.

En cifras absolutas, en 2023 rexistrouse unha diferenza de 31.650 asalariados máis ca asalariadas, e a fenda no salario medio galego favoreceu os homes en máis do 22 %: 20.840 € foi o salario medio das mulleres, fronte a 25.527 € o dos homes.

Galicia sempre arrastra peores cifras que o conxunto estatal, polo que a fenda é dobre: a de xénero e máis a que supón a desigualdade rexional, como establecen os estudos realizados polas organizacións sindicais en materia de fenda salarial.

A comparativa da fenda nos salarios medios anuais en Galicia e no conxunto estatal reflicte unha situación na que as mulleres galegas gañan, de media, 458

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70135

@PSdeG





€ menos que as mulleres no conxunto do Estado; é unha diferenza de máis do 2 %.

En medias mensuais, en 2023, o salario mensual medio en España ascendía a 2273 €, mentres que en Galicia foi de 2136 € (isto é, a fenda é de arredor dun 6 % en detrimento da nosa comunidade autónoma).

Por modalidades contractuais, de novo en Galicia a fenda é maior que a media, pois, no caso dos salarios de contratos indefinidos, as mulleres gañaron de media, en 2023, arredor dun 24 % menos que os homes.

Dende o PSdG, o emprego feminino débese ver como unha oportunidade de crecemento económico, da eficiencia e da produtividade no mercado laboral. Porque é inadmisibile que as mulleres representen pouco máis da cuarta parte da ocupación do sector industrial. E que só un 29,6 % dos postos de dirección e xerencia sexan ocupados por mulleres

A reducida presenza de mulleres en ocupacións de industrias manufactureiras e a construción poñen de manifesto a segregación ocupacional do mercado laboral galego, de aí a necesidade de adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos

É preciso, entre outras medidas, facilitar a incorporación das mulleres a aquelas ocupacións nas que os homes representan máis do 60 % de ocupados.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é a diagnose que fai Goberno galego sobre a situación da muller no mercado laboral galego?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 12:41:03
Nº Rexistro: 20041
Data envío: 13/02/2025 12:41:03.979

2. Que valoración realiza en relación coa fenda nos salarios medios anuais en Galicia e no conxunto estatal que reflicte unha situación na que as mulleres galegas gañan, de media, 458 € menos que as mulleres no conxunto do Estado?

3. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego ao respecto?

4. Que pensa o Goberno galego sobre a fenda salarial referida ás pensións de xubilación?

5. Que medidas de choque vai implantar o Goberno galego na loita contra a fenda salarial?

6. Que medidas vai pór en marcha o Goberno galego que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego feminino?

Parlamento de Galicia, 13 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/02/2025 12:32:57

Elena Espinosa Mangana na data 13/02/2025 12:33:07

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70137

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 12:41:03
Nº Rexistro: 20041
Data envío: 13/02/2025 12:41:03.979

Silvia Longueira Castro na data 13/02/2025 12:33:23

CSV: B0JRE0-SAEY0TFRG6sA5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70138

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Julio Abalde Alonso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Lei 9/1993, do 8 de xullo, define as confrarías de pescadores como corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca. E establece que quedan suxeitas á tutela da Administración pública galega, que será exercida a través da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Dende hai meses estase a denunciar a situación na que se atopa a confraría de pescadores de Vilanova de Arousa que presenta datos económicos preocupantes, unha redución do número de membros dos seus órganos de goberno que a inhabilitan para a toma de decisións e unha xestión inadecuada, sen que o Goberno galego fixese ningún tipo de intervención.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que esta situación non pode permanecer por máis tempo xa que está a causar un grave prexuízo ao sector, e polo tanto, esiximos ao Goberno galego que en cumprimento da súa obriga de tutela, leve a cabo as investigacións e os requirimentos necesarios para esclarecer o que está a suceder nela, procedendo, no seu caso, á súa intervención, co fin de que se recupere o normal funcionamento desta confraría. Esixindo, no seu caso, as responsabilidades que correspondan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 13:08:26
Nº Rexistro: 20048
Data envío: 13/02/2025 13:08:26.349

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego como resposta ás denuncias presentadas en relación coa xestión económica e o funcionamento da confraría de pescadores de Vilanova de Arousa?

Santiago de Compostela, 13 de Febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/02/2025 19:01:15

Carlos López Font na data 12/02/2025 19:01:23

Julio Abalde Alonso na data 12/02/2025 19:01:34

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70140

@PSdeG



CSV: B0R9Q-S72Lj8XID6r4A5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condicións asistenciais e laborais na Residencia Vila do Conde de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Residencial Vila do Conde, sito en Vilaza (Gondomar), é un centro xeriátrico de xestión privada que conta con 130 prazas asistenciais das que 32 son públicas concertadas coa Xunta.

A finais do pasado mes de decembro soubemos, pola publicación na prensa da denuncia por parte da sección sindical da CIG, dos incumprimentos por parte da dirección do centro das ratios de persoal de atención aos maiores, o que estaba a provocar unha sobrecarga laboral nas persoas traballadoras que afectaba directamente á calidade do servizo. Uns datos xa preocupantes na nota de prensa e que tornaron en alarmantes logo da reunión que o BNG mantivemos cunha representación do Comité de Empresa.

As representantes sindicais trasladáronnos que esta residencia estaba funcionando con menos persoas traballadoras das que establece a normativa para este tipo de centros, até o punto de que, para atender ás 130 persoas usuarias, só





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballaban 9 auxiliares e unha limpadora na quenda de mañá, na de tarde 7 auxiliares e ningunha limpadora, e unicamente 2 auxiliares e unha enfermeira na de noite.

Esta evidente falla de persoal, que implicaba que cada traballadora realizara moito máis traballo no mesmo espazo de tempo, implicaba un peor desempeño e acababa provocando nelas unha elevada sobrecarga física e mental.

Os efectos da falla de efectivos eran, por exemplo, que pola mañá as persoas usuarias tiñan que agardar moito tempo para a ducha e vestido, chegaran máis tarde ao almorzo, tomaran a medicación con desfases nos horarios e, por tanto, con desfase na administración de tratamentos antibióticos ou para a saúde mental, ou que ninguén os poidera acompañar para ir ao servizo a tempo de que poideran facer as súas necesidades ou á hora de garantir unha hixiene persoal axeitada, entre outras cuestións.

A escaseza de persoal tamén supuxo que as traballadoras, para poder facelo todo antes do final da súa quenda de traballo, tiveran que acelerar a recollida do comedor despois da comida ou a recollida de residentes á hora de se deitar, ou reducir os labores de limpeza das dependencias ou no servizo de lavandería, entre outras tarefas.

Esta sobrecarga laboral afectaba a calidade do servizo. Cóstanos, ademais, por diversos testemuños que hai familias coñecedoras deste tipo de deficiencias, ben porque as propias persoas usuarias lles trasladaran as súas queixas, ben porque as deficiencias eran evidentes, e que nos últimos dous anos estanse a ver incrementadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos días o Comité de empresa chegou a un acordo coa empresa polo que esta se comprometeu a incrementar o persoal e a cumprir o convenio colectivo.

Aínda así, é importante que se remate a tramitación dos expedientes que están en tramitación polos incumprimentos que sinalamos nesta iniciativa e que foron constatados pola Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia en 2023 e 2024, o que motivou a apertura de dous expedientes administrativos que a Consellaría de Política Social aínda non resolveu. E consta tamén unha nova denuncia presentada nos últimos meses diante desa Inspección.

A Consellería de Política Social e Igualdade debe exercer o seu labor fiscalizador para velar polo correcto funcionamento dese centro xeriátrico, máxime cando está a recibir unha importante subvención da administración galega. É o que cómpre facer por respecto ás e aos maiores que aí residen e ás súas familias que están a pagar, non pouco, por un servizo que actualmente non reciben.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que resultados concluíron as inspeccións realizadas no Centro Residencial Vila do Conde de Gondomar?
- Iniciouse algún expediente como consecuencia desas inspeccións?
- Como se resolveron, de iniciarse, estes expedientes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa o Goberno Galego responder a solicitude de reunión que lle fixo o Comité de empresa do centro? Cando vai reunirse a conselleira de Política Social e Igualdade con elas?

- Que medidas levou a cabo o Goberno Galego para reverter a situación que se estaba a producir no Centro Residencial Vila do Conde de Gondomar?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: Carmela González Iglesias

Olalla Rodil Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/02/2025 13:29:26

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2025 13:29:29

Carmela González Iglesias na data 13/02/2025 13:29:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o contrato de servizo consistente no mantemento e actualización do Observatorio de Vivenda de Galicia de 2022-2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de xuño de 2022 o IGVS resolveu adxudicar o contrato de servizo para o mantemento e actualización do Observatorio da Vivenda de Galiza, por un período de 2 anos, e en cuxo prego de prescricións establécense unha serie de traballos a realizar.

En primeiro lugar o Plan de actividades que inclúe a elaboración dunha serie de informes e estudos. En concreto se esixen un mínimo de 16 documentos anuais distribuídos da seguinte forma:

- 4 informes cuatrimestrais (12 anuais)
- un mínimo de 2 estudos anuais (1 por semestre)
- un mínimo de 2 estudos específicos anuais.

A maiores o contrato prevé adicionalmente 2 estudos globais propostos polo Consello do Observatorio, un informe global para un tema específico e dous estudos pormenorizados.

Na páxina oficial do Observatorio de Vivenda de Galiza figuran apenas a publicación de 17 documentos publicados dende esa data. Por tanto o IGVS debería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aclarar se houbo un incumprimento do contrato ou se o IGVS non fai públicos os informes entregados.

Para alén da cuestión cuantitativa, cómpre denunciar a falla de calidade dos informes presentados, que apenas consisten nunha recompilación de datos que na súa maioría xa son accesibles e que nin tan sequera se mostran territorializados. Os únicos datos novos que se aportan son os relativos aos depósitos de fianzas do propio IGVS, que nin tan sequera se mostran na súa totalidade, senón apenas desagregados nas 7 cidades e as súas áreas de influencia.

En segundo lugar o contrato establecía a obrigatoriedade de publicar un boletín quincenal na páxina web do Observatorio, onde apenas consta a publicación e envío deste boletín dende o 16 de outubro de 2024.

En terceiro lugar se establece a obrigatoriedade de actualizar as estatísticas dispoñible no observatorio, en que o IGVS pode indicar a elaboración de información estatística non dispoñible que considere máis relevante. Porén na maioría dos casos a información é apenas un copia e pega de datos dispoñibles noutras fontes estatísticas como o INE ou o IGE, incluso nalgúns casos nin tan sequera se ofrecen actualizados. Porén os datos dos que dispón o Instituto Galego de Vivenda e Solo, tales como información relacionada coa VPA e VPP ou cos solos residenciais, non son públicos.

En cuarto lugar o contratista tiña o deber de elaborar unha Memoria anual que recolle a totalidade das actuacións desenvolvidas polo Observatorio que tampouco é público.

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos denunciar o pésimo funcionamento dun instrumento que debería servir para avanzar no coñecemento a través da investigación e a análise de datos, de forma que permitise apoiar o deseño e a avaliación das políticas públicas. Vemos con preocupación que non só o Observatorio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non funciona nesa liña senón que incluso se podería estar dando un incumprimento dos servizos que foron contratados.

Ademais disto, o pasado 8 de xaneiro a Xunta sacou a licitación un novo contrato de servizo consistente no mantemento e actualización do Observatorio de Vivenda de Galicia, co número de Expediente IGVS-01/2025. O novo contrato é exactamente igual que o licitado non ano 2022, coa única diferenza de que se inclúe como obxectos do mesmo a Elaboración do proxecto técnico de fianzas co Instituto Galego de Estatística e a elaboración de probas, revisión e propostas de mellora da nova web do Observatorio.

É dicir que non se introduce ningunha mellora cuantitativa e cualitativa da análise e diagnose da situación da vivenda en Galiza, polo que entendemos que non hai vontade por parte do IGVS de mudar o mal funcionamento do Observatorio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a relación de informes e estudos presentados en cumprimento do contrato para o mantemento e actualización do Observatorio de Vivenda de Galicia?
- Hai informes ou estudos que non foron publicados?
- Por que?
- Como valoran a calidade destes estudos e informes?
- Porque non consta a publicación e envío do boletín do Observatorio antes de outubro de 2024?
- Como valora a calidade das estatísticas recollidas na páxina do Observatorio?
- Por que o IGVS non publica os datos en aberto das fianzas do IGVS?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal foi a utilidade para o IGVS dos informes e datos publicados polo Observatorio?
- Que medidas ou políticas foron condicionadas por estes informes?
- Que vai facer a Xunta de Galiza para transformar o Observatorio da Vivenda de Galiza nun instrumento eficaz de análise e investigación?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/02/2025 13:29:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o novo contrato de servizo consistente no mantemento e actualización do Observatorio de Vivenda de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de xuño de 2022 o IGVS resolveu adxudicar o contrato de servizo para o mantemento e actualización do Observatorio da Vivenda de Galiza, por un período de 2 anos, e en cuxo prego de prescricións establécense unha serie de traballos a realizar.

En primeiro lugar o Plan de actividades que inclúe a elaboración dunha serie de informes e estudos. En concreto se esixen un mínimo de 16 documentos anuais distribuídos da seguinte forma:

- 4 informes cuatrimestrais (12 anuais)
- un mínimo de 2 estudos anuais (1 por semestre)
- un mínimo de 2 estudos específicos anuais.

A maiores o contrato prevé adicionalmente 2 estudos globais propostos polo Consello do Observatorio, un informe global para un tema específico e dous estudos pormenorizados.

Na páxina oficial do Observatorio de Vivenda de Galiza figuran apenas a publicación de 17 documentos publicados dende esa data. Por tanto o IGVS debería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aclarar se houbo un incumprimento do contrato ou se o IGVS non fai públicos os informes entregados.

Para alén da cuestión cuantitativa, cómpre denunciar a falla de calidade dos informes presentados, que apenas consisten nunha recompilación de datos que na súa maioría xa son accesibles e que nin tan sequera se mostran territorializados. Os únicos datos novos que se aportan son os relativos aos depósitos de fianzas do propio IGVS, que nin tan sequera se mostran na súa totalidade, senón apenas desagregados nas 7 cidades e as súas áreas de influencia.

En segundo lugar o contrato establecía a obrigatoriedade de publicar un boletín quincenal na páxina web do Observatorio, onde apenas consta a publicación e envío deste boletín dende o 16 de outubro de 2024.

En terceiro lugar se establece a obrigatoriedade de actualizar as estatísticas dispoñible no observatorio, en que o IGVS pode indicar a elaboración de información estatística non dispoñible que considere máis relevante. Porén na maioría dos casos a información é apenas un copia e pega de datos dispoñibles noutras fontes estatísticas como o INE ou o IGE, incluso nalgúns casos nin tan sequera se ofrecen actualizados. Porén os datos dos que dispón o Instituto Galego de Vivenda e Solo, tales como información relacionada coa VPA e VPP ou cos solos residenciais, non son públicos.

En cuarto lugar o contratista tiña o deber de elaborar unha Memoria anual que recolle a totalidade das actuacións desenvolvidas polo Observatorio que tampouco é público.

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos denunciar o pésimo funcionamento dun instrumento que debería servir para avanzar no coñecemento a través da investigación e a análise de datos, de forma que permitise apoiar o deseño e a avaliación das políticas públicas. Vemos con preocupación que non só o Observatorio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non funciona nesa liña senón que incluso se podería estar dando un incumprimento dos servizos que foron contratados.

Ademais disto, o pasado 8 de xaneiro a Xunta sacou a licitación un novo contrato de servizo consistente no mantemento e actualización do Observatorio de Vivenda de Galicia, co número de Expediente IGVS-01/2025. O novo contrato é exactamente igual que o licitado non ano 2022, coa única diferenza de que se inclúe como obxectos do mesmo a Elaboración do proxecto técnico de fianzas co Instituto Galego de Estatística e a elaboración de probas, revisión e propostas de mellora da nova web do Observatorio.

É dicir que non se introduce ningunha mellora cuantitativa e cualitativa da análise e diagnose da situación da vivenda en Galiza, polo que entendemos que non hai vontade por parte do IGVS de mudar o mal funcionamento do Observatorio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- En que consiste o novo proxecto técnico de fianzas do Instituto Galego de Estatística?
- Que obxectivos se perseguen con ese proxecto?
- Que cambios pretende realizar o IGVS?
- Vai a Xunta de Galiza a pór en aberto os datos de fianzas do IGVS?
- Que informes e estudos vai solicitar ao abeiro do novo contrato de servizo?
- Vai esixir melloras na calidade dos estudos?
- Vai establecer novos requisitos nos informes e estudos?
- Vai o Observatorio da Vivenda de Galiza a elaborar datos propios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai avanzar o Observatorio na visualización e análise de datos a través de SIG?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/02/2025 13:30:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas para a contratación a persoas perceptoras do RISGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O número de persoas perceptoras da RISGA ven diminuindo desde a aprobación da prestación estatal Ingreso Mínimo Vital, e nomeadamente desde o ano 2021 até o ano 2023 pasou de 7.211 a 5.508 persoas, case un 25% de persoas menos.

É claro que isto non é reflexo dunha mellor situación socio-económica do noso país, xa que unha de cada catro persoas residentes na Galiza durante o ano 2023, estaba en risco de pobreza o exclusión social, segundo manifesta o estudo da pobreza na Galiza elaborado por EAPN, a rede europea contra a pobreza e a exclusión social, un total de 690.000 persoas, 50.000 persoas máis que o ano anterior en risco de pobreza o exclusión social, o denominado indicador AROPE.

En conclusión, a baixada do número de persoas perceptoras da RISGA ten a ver coa percepción do Ingreso Mínimo Vital ou de outras prestacións análogas, non con unha melloría da situación social que como vimos vai a peor, e polo tanto as políticas da Xunta de Galiza para garantir a inclusión social e laboral de todos os galegos e galegas deberían reforzarse en consonancia ás maiores necesidades existentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das liñas de actuación da Xunta de Galiza viña sendo o lanzamento dunha convocatoria anual de subvencións destinadas á contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social por parte das entidades locais.

A correspondente ao ano 2024 foi publicada o 24 de xaneiro do 2024 no Diario Oficial de Galiza, e unha das condicións específicas que debían cumprir as persoas para poderen ser contratadas era seren perceptoras da RISGA, unha prestación que cada vez percibe menos xente, reducindo artificialmente o número potencial de persoas beneficiarias finais destas subvencións.

A convocatoria que cabería agardar para este ano 2025 aínda non foi publicada, non sabemos se a razón é que Consellaría de emprego, comercio e emigración ten decidido prescindir desta convocatoria ou a que se debe.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que motivo a Xunta non realizou aínda a convocatoria das subvencións destinadas á contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social por parte de entidades locais?
2. Por que motivo a Xunta establece como requisito que as persoas sexan perceptoras da RISGA e non o amplía a outras prestacións análogas?
3. Que valoración realiza a Xunta de Galiza das convocatorias desta liña de subvencións de anos anteriores?
4. Cal foi o número de persoas beneficiarias finais nas convocatorias do 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Fai a Xunta de Galiza seguimento do grao de inclusión conseguido con estas subvencións?

6. Como valora a Xunta de Galiza a experiencia laboral conseguida nas entidades locais como recurso para mellorar a empregabilidade posterior deste colectivo?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2025 13:46:41

Ramón Fernández Alfonso na data 13/02/2025 13:46:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o consumo de produtos do mar nos comedores escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro pasado o Ministro de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, presentaba o estudo Aladino (Alimentación, Actividade Física, Desenvolvemento Infantil e Obesidade) que realiza a Axencia Española de Seguridade Alimentar e Nutrición (AESAN), entidade adscrita ao Ministerio.

Preocupa especialmente o aumento da obesidade na poboación infantil nos últimos anos, sobre todo a relación entre sobrepeso e fogares con maiores dificultades económicas. Neste sentido, cabe destacar a importancia dos comedores escolares no acceso a unha dieta equilibrada, saudábel e de calidade. Así, o Ministro anunciou que se van trasladar aos centros educativos os estándares fixados pola OMS para a alimentación infantil, garantindo o consumo diario de froitas e verduras, de carne e peixe, máis legumes e cereais e evitar as bebidas azucradas.

O titular de Consumo avanzaba así, algunhas das previsións do futuro Real Decreto que regulará os comedores escolares e indicaba que estaba a traballar conxuntamente con outros Ministerios para mellorar os indicadores de desigualdade, obesidade e actividade física dos menores. Unha coordinación que debe realizarse tamén coas CC.AA, como administración competente en esta materia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta cuestionábel, porén, que o Ministerio na súa proposta inclúa unha redución na recomendación de consumo de peixe, que limitaría a unha pauta de entre una e tres racións semanais, algo que colide coas propias recomendacións da AESAN en informes aínda vixentes e cos estudos da Autoridade Europea de Seguridade Alimentar.

O peixe e o conxunto dos produtos do mar son alimentos básicos e esenciais nunha dieta sa e equilibrada. Autoridades e organizacións de saúde e nutrición internacionais como a OMS (Organización Mundial da Saúde) ou a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura), pero tamén estatais, como a Axencia de Seguridade Alimentaria e Nutrición ou a Fundación Española do Corazón, teñen declarado que o seu consumo é beneficioso para a saúde cardiovascular. Distintos estudos teñen demostrado que é un aporte de proteínas completo e saudábel.

Ademais, o Real Decreto, teoricamente, apostará polos circuítos de produción a pequena escala e os alimentos de proximidade, incentivando as economías locais e a sustentabilidade, medida que, cando menos no caso da Galiza, pasa necesariamente por recuperar e incrementar o consumo de peixe e produtos do mar, algo que vai dificultar o Ministerio ao propoñer a redución do consumo de peixe.

O sector pesqueiro presentou alegacións á norma, mais o Ministerio só considerou a corrección do artigo que discriminaba aos produtos do mar conxelados.

Cremos que o Ministerio está a tempo de rectificar esta pauta que reduce a recomendación de consumo de peixe nos comedores escolares ate o punto de situalo nunha pauta dun día á semana cando, no mínimo, a maioría dos informes sitúa a recomendación en tres días á semana.

É paradoxal recomendar alimentos de proximidade e logo limitar o consumo de peixe cando en territorios como Galiza os produtos do mar son parte esencial da cesta e das economías locais. Consideramos que esta materia debería ser abordada coas CC.AA





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xa que cada territorio ten as súas propias especificidades no ámbito da dieta e da alimentación.

Ao mesmo tempo o resto das administracións deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir unha alimentación saudable á cidadanía, especialmente ás crianzas e á mocidade, así como para apoiar aos sectores económicos máis importantes do territorio. Nese camiño o Goberno Galego debe utilizar todos os recursos precisos para impulsar o consumo de produtos do mar que, como xa se indicou, van beneficiar á saúde das galegas e dos galegos e ao sector do mar galego.

Os comedores públicos escolares, como os de calquera outro centro público dependente da Xunta de Galicia, son unha ferramenta na man da administración galega para incrementar o consumo de peixe e marisco na Galiza conseguindo así avanzar en dous obxectivos: apoiar ao sector do mar que atravesa unha situación crítica coa baixada continua do consumo de produtos do mar e, por outra parte, aumentar a inxecta destes produtos entre as crianzas galegas promovendo unha alimentación máis salubre.

Na actualidade a maioría dos menús escolares galegos non cumpren a recomendación de incluír tres racións de peixe á semana, ademais de que as que se inclúen na actualidade teñen unha calidade dubidosa. Unha cuestión que obedece ao insuficiente orzamento co que contan os centros (0,78€ menú/día de axuda pública no mellor dos casos) e que co prezo actual do peixe resulte inviable que se garanta nin a cantidade recomendada deste produto, nin a calidade do mesmo.

Ademais a caída no consumo de produtos do mar afecta ao sector da pesca galego, un sector estratéxico na Galiza que non pasa precisamente por bos momentos debido ás políticas restritivas e á falta de apoio das distintas administracións.

Para frear esta deriva o sector demanda medidas de apoio e de incentivación ao consumo de peixe e outros produtos do mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido o Goberno Galego e o Goberno do Estado, así como o propio sector, puxeron en marcha campañas de promoción dos produtos do mar que son claramente insuficientes xa que a caída no consumo de produtos do mar segue imparabile, polo que normativas que restrinxan o consumo de produtos do mar son prexudiciais para o sector.

É obriga das administracións velar pola saúde da cidadanía, así como apoiar e impulsar sectores estratéxicos para o país, por isto compre que o Goberno do Estado rectifique a súa en canto a recomendación do número de racións de peixe semanais nos menús escolares e que Goberno Galego, adopten todas as medidas para frear a caída de consumo de peixe e marisco e apoiar ao sector mar-industria galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o Goberno Galego a proposta de Real Decreto do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, en elaboración, que recomenda unha redución nas racións de peixe semanais nos comedores escolares?

- Á hora de elaborar o Real Decreto de comedores escolares, foi coordinado e negociado do Goberno Galego o seu contido posto que son as que teñen competencias na materia?

- Tense dirixido o Goberno Galego ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para trasladarlle o prexudicial que esta recomendación será para o sector mar-industrial da Galiza?

- É consciente o Goberno Galego de que é un paradoxo recomendar produtos de proximidade e que se incentiven as economías locais e limitar o consumo de peixe cando é parte básica da dieta en territorios como Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas ten adoptado o Goberno Galego para cumprir as recomendacións sanitarias de incluír un mínimo de tres racións semanais de produtos do mar nos menús escolares?
- Pensa o Goberno Galego incrementar o orzamento dos menús escolares por persoa e día?
- Cre o Goberno Galego necesario promover directrices que regulen os menús escolares de maneira que se garanta a inxesta recomendada de peixe e marisco de calidade e galego?
- Que medidas pensa adoptar o Goberno Galego para garantir menús escolares saudables nos centros públicos galegos que inclúan produtos do mar?
- Cre o Goberno Galego que incrementar o consumo de produtos do mar galegos nos comedores escolares vai incidir de maneira positiva no sector mar-industria galego?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 13/02/2025 13:48:46





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O pasado 10 de febreiro producíase un accidente na AP-9 a altura de Cambre provocado por un xabaril provocando un accidente onde se viron catro vehículos implicados. E afortunadamente non houbo que lamentar danos persoais, nalgunha ocasión non é así.

A presenza desta especie cada vez é maior e de xeito máis desmedido e xa non afecta so ás zonas rurais, senón que xa se atisba nas zonas periurbanas e urbanas.

A captura do xabaril a día de hoxe, en Galicia, non ten límite na captura e estase a facer do orde de 20.000 xabarís ao ano dende a tempada 21/22. Pero isto non é suficiente para evitar danos e accidentes.

Danos que está a sufrir a agricultura e gandaría cos danos nas colleitas e pastos, valorando estes danos en cifras millonarias. Danos tamén en espazos protexidos. E accidentes que no último ano están cifrados en 3.767.

Datos totalmente inasumibles, mais se temos en conta o que lle dedica a Xunta de Galicia ao pago das facturas recibidas polos danos causados, chegando a case 3 millóns de euros o ano pasado.

Este especie tamén se converte nun reservorio de enfermidades coa conseguinte ameaza para a saúde pública de persoas e tamén de animais.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 13:51:43
Nº Rexistro: 20076
Data envío: 13/02/2025 13:51:43,647

A realidade é que é unha especie en expansión, e polo tanto as medidas que se están a dar non son suficientes e non atallan o problema, pola contra vemos que vai a máis.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten a Xunta Galicia elaborado algún estudo/informe onde se valora o alcance que está a producir o xabaril? En caso de que non haxa ningún estudo/informe elaborado, ten previsto realizalo o Goberno galego?
2. Prevé a Xunta de Galicia desenvolver máis políticas dedicadas ao control da proliferación da especie?
3. Contempla a Xunta de Galicia implementar máis axudas para as persoas afectadas polos danos producidos?

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 13/02/2025 13:40:17

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/02/2025 13:40:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70162

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Observatorio lácteo galego está constituído dende o 2007 a través do Decreto 61/2007, de 22 de marzo, e determinan as súas funcións, composición e funcionamento.

Baixo esta marco o PP xa xustificaba que tiña unha liña de comunicación co sector lácteo de Galicia para tratar as súas necesidades.

O certo é, que ata que dende o Grupo Parlamentario insistiu en ter unha interlocución constante e continua co sector, a Xunta de Galicia non lles preocupou que esta figura estivera invernando e inoperativa. A pesar da súa creación fai xa dezaoito anos.

O que fixo que o xoves 6 de febreiro se publicase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 8/2025, do 20 de xaneiro, polo que se regula o observatorio do sector lácteo de Galicia. Segundo recolle o propio decreto, tratase de proveer dunha ferramenta de planificación estratéxica que dote de transparencia e información de xeito eficaz para impulsar mediante unha nova regulación ao observatorio do sector lácteo de Galicia.

Dende o Grupo Socialista compartimos a súa actualización, pero discrepamos no fondo. Pasa de reunirse como mínimo catro veces ao ano a unha reunión anual. E aumenta o número de vogais, que se amplíe o foro e as voces a aportar de por si é bo, facendo un foro máis plural e diverso.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 13:52:52
Nº Rexistro: 20082
Data envío: 13/02/2025 13:52:52.054

O que non compartimos é a elección das 21 vogais, no artigo 4 di que as mulleres deben de representar como mínimo o 40 % dos membros do observatorio, pero cando imos ao detalle vemos como as organizacións profesionais, o sector primario galego, o sector lácteo galego o sector da distribución, a federación nacional de industrias lácteas, as cooperativas lácteas galegas, a organización de produtores lácteos de Galicia, todos eles serán elixidos en función da maior representatividade, pero cando falamos da representación de mulleres rurais de Galicia esta será de forma rotativa por un período de dous anos.

Esta rotación na figura das mulleres non a compartimos, con elo so se menospreza a presenza das mulleres dándolle ese carácter rotativo de xeito oficial, a maiores na lectura de parte que fai a Consellería.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Contempla a Xunta de Galicia revisar e modificar o Decreto 8/2025, do 20 de xaneiro, polo que se regula o observatorio do sector lácteo de Galicia?
2. Ten previsto escoitar ao sector co fin de consensuar o Decreto 8/2025 cando menos no tocante a súa periodicidade e composición do mesmo?

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 13/02/2025 13:42:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70164

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 13:52:52
Nº Rexistro: 20082
Data envío: 13/02/2025 13:52:52.054

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/02/2025 13:43:04

CSV: B0J9EGSP28WCEPFA65-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70165

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

En Galicia, a crise de vivenda afecta sobre todo á mocidade, cun mercado de aluguer onde os prezos medraron de forma descontrolada, impedindo que os mozos e mozas poidan acceder a unha vivenda digna. Segundo datos do informe de prezo de vivenda de Idealista, o prezo do alugueiro incrementouse ao redor dun 40% en A Coruña, un 36% en Santiago de Compostela, un 29% en Lugo, un 28% en Ourense, un 25% en Pontevedra e un 21% en Vigo nos últimos oito anos.

O goberno do Estado puxo en marcha medidas para paliar esta situación, como a Lei Estatal de Vivenda, que permite declarar zonas tensionadas e establecer mecanismos de control de prezos, así como un Bono Alugueiro Mozo que concede unha axuda de 250 euros mensuais para facilitar o acceso á vivenda.

Porén, a Xunta de Galicia non só se nega a aplicar estas ferramentas, senón que ademais impón atrancos administrativos aos concellos para que non poidan declarar zonas tensionadas. Ademais, a xestión dos fondos estatais para o Bono Alugueiro foi calamitosa: primeiro intentaron presentalos como se fosen axudas propias, logo incumpriron os prazos legais de resolución e, finalmente, deixaron sen resposta a centos de mozos e mozas durante moito tempo.

A inexecución dos fondos autonómicos en vivenda agrava esta situación. No terceiro semestre de 2024, a Xunta só executou o 10,3% do programa 451B “de acceso á vivenda”, deixando sen executar un 89,7% do orzamento. Se





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20089
Data envío: 13/02/2025 14:56:05.156

acumulamos dende o 2009, quedáronse sen executar centos de millóns de euros.

Por elo, o deputado e deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Por que a Xunta non cofinancia con fondos propios o Bono Alugueiro, como fan outras comunidades autónomas, para aumentar o seu impacto e garantir que chegue a máis mozos e mozas?
2. Por que foi solo executado o 10,3% dos fondos do programa 451B quen engloba o Bono Alugueiro e cales foron as razóns que motivaron esta baixa execución?
3. Presentará o Goberno galego un informe detallado perante o Parlamento galego no prazo de 3 meses sobre as solicitudes pendentes, os fondos executados e os prazos de resolución do Bono Alugueiro?

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 13/02/2025 14:35:13

Paloma Castro Rey na data 13/02/2025 14:35:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70167

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20095
Data envío: 13/02/2025 14:57:52.188

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

En Galicia, a crise de vivenda afecta sobre todo á mocidade, cun mercado de aluguer onde os prezos medraron de forma descontrolada, impedindo que os mozos e mozas poidan acceder a unha vivenda digna. Segundo datos do informe de prezo de vivenda de Idealista, o prezo do alugueiro incrementouse ao redor dun 40% en A Coruña, un 36% en Santiago de Compostela, un 29% en Lugo, un 28% en Ourense, un 25% en Pontevedra e un 21% en Vigo nos últimos oito anos.

O goberno do Estado puxo en marcha medidas para paliar esta situación, como a Lei Estatal de Vivenda, que permite declarar zonas tensionadas e establecer mecanismos de control de prezos, así como un Bono Alugueiro Mozo que concede unha axuda de 250 euros mensuais para facilitar o acceso á vivenda.

Porén, a Xunta de Galicia non só se nega a aplicar estas ferramentas, senón que ademais impón atrancos administrativos aos concellos para que non poidan declarar zonas tensionadas. Ademais, a xestión dos fondos estatais para o Bono Alugueiro foi calamitosa: primeiro intentaron presentalos como se fosen axudas propias, logo incumpriron os prazos legais de resolución e, finalmente, deixaron sen resposta a centos de mozos e mozas durante moito tempo.

A inexecución dos fondos autonómicos en vivenda agrava esta situación. No terceiro semestre de 2024, a Xunta só executou o 10,3% do programa 451B “de acceso á vivenda”, deixando sen executar un 89,7% do orzamento. Se





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20095
Data envío: 13/02/2025 14:57:52.188

acumulamos dende o 2009, quedáronse sen executar centos de millóns de euros.

Por elo, o deputado e deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Que tipo de apoio técnico e administrativo ofrece a Xunta para facilitar o proceso de declaración de zonas tensionadas aos concellos?
2. Por que dende o Goberno galego se considera negativa a implementación de zonas tensionadas no territorio?
3. Por que non se realiza un informe oficial que se presente ante o Parlamento galego sobre as zonas que poderían considerar de mercado tensionado en Galicia?

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 13/02/2025 14:51:52

Paloma Castro Rey na data 13/02/2025 14:52:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70169

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a discriminación salarial que existe entre o profesorado de Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 o Goberno do Estado daba luz verde á integración do profesorado técnico de FP con grao universitario no corpo de secundaria. Esta medida tiña carácter retroactiva dende xaneiro de 2021 e supuña a mellora das condicións laborais e salariais para aquel profesorado que pasaba a formar parte do subgrupo de funcionarios A1.

A nova normativa de FP establecía que quen cumprise no momento da integración ditos requisitos quedaría no corpo de Profesorado Técnico de FP a extinguir, permanecendo no subgrupo A2. A Consellería de Educación aproba posteriormente un complemento equiparador salarial para igualar o soldo deste colectivo formado por 731 docentes, co Profesorado de Ensino Secundario. Desde o 1 de setembro de 2023, data de efectividade deste acordo, este grupo de persoas é cada vez menos numeroso porque se van xubilando paulatinamente.

Na actualidade, as novas prazas de funcionariado e interinas das 10 especialidades de FP que non require titulación universitaria para exercer a docencia son do novo corpo de Profesorado Especialista de Sectores Singulares da FP (PESSFP), arredor de 300 docentes (172 definitivas e 115 interinas con contrato durante todo este curso), xunto con 70 prazas que serán cubertas coas incorporacións resultantes das oposicións que se farán en xuño. Este profesorado convive a cotío co resto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compañeiras/os nos centros educativos coa mesma responsabilidade e funcións pero cun salario menor, unha discriminación que non se xustifica de ningún xeito.

A Administración Educativa Autónoma ten plenas competencias en materia retributiva do seu persoal docente para paliar esta situación aprobando o complemento equiparador para o PESSFP que imparte docencia nas 10 especialidades nas que é posible acceder á docencia con titulación de técnico superior de FP: Cociña e Pastelería, Estética, Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble, Mantemento de Vehículos, Mecanizado e Mantemento de Máquinas, Patronaxe e Confección, Peiteado, Producción de Artes Gráficas, Servizos de Restauración e Soldadura. Este complemento, que se estableceu no seu momento para o Profesorado Técnico de FP a extinguir que, insistimos, ten os mesmos requisitos de titulación e cumpre as mesmas funcións que o colectivo discriminado, na actualidade ascende a 151,37 € ao mes.

Galiza debe utilizar as competencias plenas que ten en Educación e regular a equiparación de todo o profesorado de FP, como xa teñen feito outras comunidades autónomas como Euskadi ou Catalunya.

Débese ter en conta tamén que o corpo de Profesorado Técnico (PT) vai diminuindo de xeito constante e os PESSFP son agora máis de 300 persoas, se se suma o persoal substituto. Polo tanto estamos a falar dunha cantidade non significativa para os orzamentos vixentes, pero sí un avance importante nos dereitos laborais deste colectivo para deixar de sufrir unha discriminación clara. Non parece moi razoable que no mesmo centro convivan tres tipos de profesorado con situacións administrativas e económicas diferentes.

Non existe ningunha diferenza entre os PES, PT e PESSFP no seu día a día. Non é entendible que a Consellería aprobara unha medida positiva para o colectivo que en setembro de 2023 quedaba a extinguir no anterior corpo de FP e que todo o persoal que a partir desa data ingresa no novo corpo quede discriminado indefinidamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Por que a Consellería de Educación equiparou en 2023 o salario do Profesorado Técnico de FP, un grupo a extinguir, co grupo A1, creando un complemento específico e as e os docentes incorporados posteriormente no corpo de PESSFP quedan relegados ao salario do subgrupo A2, creando unha clara discriminación?

2.- Vai atender a Consellería as reclamacións deste grupo de PESSFP conformado por algo máis de 300 persoas aprobando o complemento equiparador de 151,37 € ao mes para eliminar a diferenciación salarial?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 13/02/2025 15:45:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as inundacións persistentes que sofren dúas persoas en Arbo na súa propiedade debido ás obras nunha estrada municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de xuño de 2023, hai xa 17 meses, dúas persoas veciñas do Concello de Arbo, comprobaron como o baixo da súa casa estaba completamente asolagado, con danos importantes no mobiliario, paredes, electrodomésticos...

Esta situación comeza cando a empresa Oresa está a executar unha obra de Humanización dunha nova rúa en Arbo, entre a rúa Vázquez Estévez e a Estrada PO-400, financiada nun 70% pola Xunta de Galicia a través do Plan Hurbe.

Unhas das primeiras actuacións da humanización consistiron en demolicións, escavacións, recheos e desbroces; renovacións de pavimentos; melloras nas redes de abastecemento, pluviais, alumeado ou comunicacións, e con todas estas accións algunha delas tocou algunha/s veta/s de auga que remataron desviándose cara á vivenda e o eido, onde hai filtracións de xeito permanente e escóitase o murmurio do decorrer da auga.

Dende o primeiro momento a dona e dono da vivenda acudiron ao Concello, ás aseguradoras (da empresa e da propiedade), incluso á Directora Xeral de Urbanismo no Parlamento Galego, pero case ano e medio despois as circunstancias non mudaron, segue habendo filtracións de auga a diario e con choivas é un asolagamento da planta baixa e da finca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Calquera persoa pode imaxinar a desesperanza que supón unha situación como esta, convivindo coa entrada de auga permanente, humidades, mobiliario e enseres desfeitos... Canto máis se a resposta das administracións local e autonómica (as dúas con competencias plenas) non teñen intención de resolver a situación. Así quedou demostrado na intervención feita pola Directora Xeral de Urbanismo da Xunta de Galiza en contestación ás preguntas realizadas polo BNG o pasado 7 de xuño. Mentiu primeiro manifestando que o problema estaba resolto porque xa fixeran unha actuación na nova rúa posterior á denuncia das persoas afectadas, e ante as evidencias quedou claro que aínda que se fixeran actuacións non coñecía a situación da vivenda despois das mesmas.

Nestes 6 meses, nin unha soa visita, nin un só contacto que non fora telefónico realizado pola parella afectada. A través da avogada que os representa no xulgado pola denuncia de danos interposta hai máis dun ano, Marco e Sonia son informados de que a Dirección Xeral pretende que sexan eles os que realicen as obras e presenten unha nova denuncia para que a Xunta asuma o custo da mesma.

Esta cuestión provócalles numerosas dúbidas con respecto a como realizar esta actuación, que tipo de permisos terían que solicitar?, a Xunta e o Concello permitirían actuar nunha rúa municipal?. Para pedir os permisos hai que ter un proxecto, que tipo técnicos serían precisos, con que titulación? permitirían levantar e desfacer a nova rúa para saber onde se atopa o problema co nacente para poder deseñar un proxecto que solvete esta situación?

Pero o máis curioso é que ninguén, nin concello nin Xunta, pediulles permiso para facer esta obra municipal a estes propietarios que agora son afectados polas inundacións, pero si que lles piden agora que sexan eles quen arranxen as causas que provocan os seus desperfectos. Alguén lles preguntou se teñen a capacidade económica para facelo e para acudir despois novamente ao xulgado para reclamar o importe da obra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas propietarias da vivenda asolagada están ao límite das súas forzas e frustrados ante a inoperancia e a desidia das administracións públicas e ante isto acaban de presentar unha solicitude buscando o amparo da Valedora do Pobo, para que medie para dar fin a este atropelo por parte do Goberno da Xunta a uns cidadáns que están ameazados polas aseguradoras de declarar a súa casa en “condicións de inhabilitabilidade”, tendo dificultades para volver asegurala ou inclusive proceder a unha venda ou alugueiro da mesma. A administración autonómica está, en definitiva, deixando aos propietarios cunha vivenda que vai ter valor 0.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai o goberno da Xunta a asumir a responsabilidade das filtracións de auga que están a sufrir as dúas persoas veciñas de Arbo por mor das obras que foron realizadas cofinanciadas pola Xunta de Galicia e o Concello, e así resolver o problema e repoñer as deficiencias que mostra a vivenda e a reposición do mobiliario, electrodomésticos e enseres estropeados?
- Despois da execución da obra de drenaxe proposta nos informes e que non solventaron o problema, teñen planificado os servizos técnicos da Xunta de Galiza unha nova actuación para evitar as filtracións de auga na vivenda de xeito definitivo?
- Como van a compensar ás persoas afectadas cando todo isto estea arranxado?
- Porque dende a Xunta non se puxeron os medios necesarios nos últimos 6 meses para impulsar unha nova obra que identifique cales son os acuíferos que producen o asolagamento da vivenda e finca privada, así como para drenar ou canalizar a auga de xeito que cesen as filtracións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a responsabilidade do Alcalde de Arbo neste caso tan grave? Defendeu os intereses da súa veciña e veciño ante a Xunta de Galiza dende o primeiro aviso da entrada de auga?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 13/02/2025 16:27:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre corta indiscriminada de árbores en espazos protexidos da Rede Natura 2000 Lagoa de Antela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente producíronse cortas indiscriminadas de árbores e vexetación de ribeira en varias zonas protexidas como Rede Natura 2000 da Lagoa de Antela, nos concellos de Xunqueira de Ambía e Sandiás.

Acolléndose a axudas para a Rede Natura 2000 en concellos que teñen este tipo de espazos, co obxecto de facer actuacións de saneamento de mellora de masas para preservación de ecosistemas, o que finalmente se pagou con esa subvención foi un auténtico arboricidio, un corta indiscriminada e a matarrasa para aproveitamento de leña e madeira. Nestas actuacións tamén se produciron danos nos sistemas de drenaxe, o que ter tamén consecuencias no futuro ao agravar a incidencia dos asolagamentos.

Estas intervencións, absolutamente agresivas e contrarias aos criterios que deben rexer a xestión da vexetación de ribeira de ríos, regatos e canles de drenaxe, debería contar coa pertinente autorización da Confederación Hidrográfica, da Consellaría de Medio Ambiente e da Consellaría do Medio Rural.

Segundo informacións difundidas, algunha persoa propietaria denunciou que na súa finca tivera lugar unha corta e saca de leña sen a súa autorización e que teñen que ver con esta axuda da Rede Natura 2000.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos diante de actuacións ilegais, financiadas con fondos públicos, que supoñen un atentado ambiental por tratarse de espazos protexidos e que son fundamentais para a conservación da biodiversidade tanto da flora como da fauna e para a prevención de asolagamentos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que axudas recibiron os concellos da Limia para actuacións en espazos da Rede Natura 2000?

Tivo coñecemento a Xunta das actuacións previstas e realizadas de corta indiscriminada de árbores nas canles de drenaxe do espazo de Rede Natura 2000 Lagoa de Antela, nos concellos de Sandiás e Xunqueira de Ambía?

Contaban estas actuacións coa autorización dos organismos con competencias na materia?

Hai aberto algún expediente por parte da Consellaría de Medio Ambiente?

Que medidas vai levar a cabo a Xunta para impedir este tipo de actuacións no futuro?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 13/02/2025 16:45:40





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 18:05:28
Nº Rexistro: 20119
Data envío: 13/02/2025 18:05:28.588

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Fronte á aparición no Estado e no panorama internacional de posicións políticas que cuestionan de forma aberta e explícita ás políticas de igualdade e de erradicación da violencia machista contra as mulleres, Galicia ten que deixar clara a súa aposta e compromiso por garantir os dereitos humanos de todas as persoas, sen deixar ninguén atrás e, todo iso, desde o convencemento de que a igualdade de mulleres e homes é unha condición básica para a democracia e para o desenvolvemento sostible dos pobos, tanto humano e social como económico.

A igualdade é un dereito fundamental que debe ser promovido e garantido en todos os ámbitos da sociedade, e un dos sectores chave para acadar este obxectivo é a Administración pública. Os funcionarios e funcionarias públicas, ou persoas que traballan para a Administración desempeñan un papel crucial na construción dunha sociedade máis xusta e equitativa, xa que son os encargados de implementar as políticas, xestionar os recursos e garantir a prestación de servizos á cidadanía.

É esencial que as persoas que traballan dando un servizo público contan cunha formación específica en igualdade de xénero, para que poidan recoñecer as desigualdades existentes e actuar en consecuencia, promovendo a equidade no seu entorno laboral e no seu trato coas persoas cidadás.





A capacitación en igualdade non só implica coñecer os marcos legais que rexen a materia, senón tamén desenvolver habilidades e actitudes que permitan detectar, previr e corrixir situacións de discriminación e violencia de xénero.

A falta de formación nesta área pode perpetuar estereotipos, prexuízos e prácticas discriminatorias, o que afecta negativamente á eficacia e xustiza dos servizos públicos.

Hai máis dun ano aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, que contén no seu Título II, baixo a rúbrica “Integración transversal do principio de Igualdade nas actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico” unha serie de artigos que teñen como finalidade que dende a Administración xeral de Galicia se promova a igualdade e acabar coa discriminación entre homes e mulleres, nos que establece, entre outras, a formación dos diferentes profesionais que nela prestan servizos.

Transcorrido este tempo, cremos que cómpre facer balance do cumprimento desta lei co fin de poder melloralala naqueles aspectos que teñan aínda eivas e deficiencias.

E por outra banda, incrementar o investimento en programas de formación continua que sensibilicen e capaciten aos funcionarios e funcionarias, ou profesionais vinculados ao sector público, en cuestións de igualdade de xénero e non discriminación.

Deste xeito, garantirase un entorno máis inclusivo, respectuoso e eficaz para todas as persoas cidadás, e contribuírase á creación dunha cultura institucional que promova activamente a igualdade en todos os niveis.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 18:05:28
Nº Rexistro: 20119
Data envío: 13/02/2025 18:05:28.588

A formación en igualdade de xénero non se debe ver como unha opción, senón como unha necesidade estrutural para a construción dun servizo público que reflicta os valores de xustiza, respecto e equidade que deben prevalecer na nosa sociedade.

Nós apostamos pola creación de plans de formación obrigatoria para empregados públicos, baseándonos no disposto na Constitución española, a Lei orgánica 3/2007 de igualdade, o Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP), e as directivas europeas relacionadas coa igualdade de xénero e o bo goberno, para garantir que os profesionais que prestan un servizo público cumpran cos principios de igualdade e xustiza social no seu traballo.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Transcorrido máis de un ano dende a aprobación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, que valoración fai o Goberno galego respecto do seu grao de cumprimento?

2. Que medidas se implementaron dende o Goberno galego para o cumprimento da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/02/2025 17:59:47

Elena Espinosa Mangana na data 13/02/2025 17:59:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70182

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 18:05:28
Nº Rexistro: 20119
Data envío: 13/02/2025 18:05:28.588

Silvia Longueira Castro na data 13/02/2025 18:00:07

CSV: B0JRE0.9E@qY3fjKdA5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

70183

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 18:11:21
Nº Rexistro: 20125
Data envío: 13/02/2025 18:11:21.575

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A situación do alugueiro nas cidades galegas leva dando síntomas preocupantes dende hai tempo, sendo os grandes concellos un caldo de cultivo para a especulación inmobiliaria e as subidas do aluguer. As vítimas desta situación son as galegas e galegos que teñen que dedicar máis da metade do seu soldo para poder residir en calquera das cidades galegas, onde o Partido Popular parece non deterse á hora de desenvolver e garantir o seu dereito á vivenda. Cada vez son máis os cidadáns e as cidadás que teñen que se desprazaren lonxe do seu posto de traballo para se poder permitir o aluguer, parecendo o acceso a unha vivenda asumible máis a un privilexio que a un dereito recollido pola Constitución.

As subidas de prezos están cifradas en Galicia nunha media dun 8,4 % de incremento no prezo respecto a xaneiro de 2024, segundo os datos do informe da plataforma “*Idealista*”, unha subida xa alarmante de por si, canto máis se a comparamos coa subida anual do 2,8 % do IPC ou co 4,4 % da subida do salario mínimo interprofesional nese mesmo período. Estes datos describen unha realidade na que o alugueiro está á cabeza das subidas de prezo, algo que corresponde ás administracións públicas regular para garantir, como xa se mencionou anteriormente, un dereito fundamental como é o dereito á vivenda.

Se os datos a nivel autonómico son altos, unha vez que afondamos nas cifras referentes ás cidades galegas, a situación non fai máis que empeorar. A modo de exemplo, atendendo ao índice Inmobiliario da Plataforma “*Fotocasa*” vemos como en Vilagarcía de Arousa se contabilizaba unha subida do 30,8 % en xullo





do ano pasado, en comparación coas mesmas datas do ano anterior, na Coruña dun 15,2 %, en Vigo dun 11,8 %, en Ferrol dun 11,5 % ou en Pontevedra dun 10,3 %.

Os concellos de Santiago de Compostela ou A Coruña xa teñen manifestado súa intención de declarar zonas tensionadas, sendo vítimas das trabas impostas pola Xunta de Galicia a través da normativa galega aprobada por medio da Lei de acompañamento.

A esta tormenta formada en torno ao alugueiro nas cidades galegas súmase a situación da vivenda pública, que conta con números, canto menos, decepcionantes se os comparamos co número de demandantes deste tipo de vivenda, asunto que non fai máis que empeorar o acceso a este dereito constitucional.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Prevé o Goberno galego a modificación da normativa galega en materia de vivenda para axilizar e simplificar o procedemento que teñen que seguir os concellos para solicitar a declaración de zona tensionada?
2. En caso negativo ou namentres se modifica, pensa o Goberno galego habilitar axudas ou facilitar medios humanos e materiais para poder cumprir os requisitos formais impostos aos concellos?
3. Prevé a Xunta de Galicia facer un estudo completo e rigoroso que permita e facilite aos concellos realizar a solicitude de declaración de zona tensionada?
4. Segue a Xunta de Galicia opoñéndose á medida recollida na Lei de vivenda estatal de declaración de zonas tensionadas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 18:11:21
Nº Rexistro: 20125
Data envío: 13/02/2025 18:11:21.575

5. Considera o Goberno galego que o topado dos prezos do aluguer non é unha medida precisa actualmente para garantir que a cidadanía galega poida acceder con garantías a unha vivenda en aluguer?

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 13/02/2025 17:56:17

Paloma Castro Rey na data 13/02/2025 17:56:28

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

70186

@PSdeG



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO



3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-IYTFKnsA5-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

